

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de maio de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 28 de maio de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 4/10, do 30 de abril.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.901 á nº 10.000, de 2010.

3.-Dar conta da Resolución da Presidencia nº 9.867 do 13 de maio de 2010 relativa ao aboamento de gastos de locomoción dos deputados provinciais.

4.-Proposición da Presidencia de apoio ao proxecto “Campus de tecnoloxías e sustentabilidade”.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

5.-Aprobación da 2ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas zona axardinada Baldomir” do Concello de Bergondo incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) adicional 1/2007. Código: 07.3101.0413.0.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento de praza do Concello” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009. Código 09.2100.0027.0.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

8.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2009, 11ª fase, 2ª relación, integrado polo proxecto que a seguir se relaciona, cun orzamento total de 90.625,10 euros: Construción de senda peonil na DP 3204 Curtis á Lavacolla p.q. 1+180 ao 1+88 (Curtis-Vilasantar) (0911300024.0).

9.-Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2009, 2ª fase, 5ª relación, integrado polo proxecto: seguridade viaria renovación de beirarrúas e iluminado na DP 3201 ao seu paso polo núcleo de Curtis (R/Emilio Martínez Sánchez) (Curtis) (0911300011.0).

10.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010, 3ª fase, integrado polo proxecto cun orzamento total de 57686,05 euros: acondicionamento do camiño de Gambelle á DP 2404 para desvío provisional do tráfico para realización das obras do proxecto

[actualizado para o ensanche da ponte sobre o río Allóns no p.q. 1+150 da DP 2404 A Laracha á Silva por Golmar \(A Laracha\) \(1011100003.0\).](#)

[Aprobar o texto do convenio co Concello da Laracha para o financiamento das obras de acondicionamento do camiño de Gambelle á DP 2404 para desvío provisional de tráfico para realización das obras do proxecto actualizado para o ensanche da ponte sobre o río Allóns no p.q. 1+150 da DP 2404 A Laracha á Silva por Golmar \(A Laracha\).](#)

[11.-Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2010, 3ª fase, integrado polo proxecto cun orzamento de 22107,95 euros: complementario nº 1 da travesía de Calvario a Pao do Lobo na DP 2403 no p.q. 2+890 ao p.q. 3+940.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[12.-Proposta de aprobación do convenio regulador da subvención á entidade ASPRONAGA para reforma das instalacións creando un Centro de Día para persoas con discapacidade en Lamastelle, Oleiros.](#)

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

[13.-Aprobar a 5ª fase da anualidade 2010 do proxecto MANDEO.](#)

[14.-Aprobar os modelos de convenios tipo para entidades sen fins de lucro para o ano 2010 \(obras, actividades, subministracións e inmobles\).](#)

[15.-Aprobar os modelos de convenios tipo para concellos para o ano 2010 \(obras, actividades, subministracións e inmobles\).](#)

[16.-Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso ao Concello de Ferrol do inmovible: A.VV. San Xoán de Filgueira.](#)

[17.-Aprobar o convenio coa ONGD “Solidariedade Galega” para o cofinanciamento da 1ª fase da construción dun centro multiusos para o Instituto de Liderado das Segovias, en Nova Segovia-Nicaragua”.](#)

[18.-Aprobar o convenio coa “Fundación Galicia Innova” para o cofinanciamento do proxecto “Fortalecemento de institucións públicas e organizacións privadas de atención ás persoas con discapacidade nos ámbitos rural e urbano e apoio ao proceso de descentralización de competencias, en Perú”.](#)

[19.-Aprobar o convenio coa “Confederación Galega de Persoas con Discapacidade \(Cogami\)”, para o cofinanciamento do proxecto “Promoción das TIC para a inclusión educativa de nenas/os e adolescentes en San Juan de Lurigancho, Lima-Perú”.](#)

20.-Aprobar o convenio coa “Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina”, para o cofinanciamento do “Acondicionamento dunha nova sala do Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA), que levará o nome “Sala Antonio Soto”, que acollerá e porá en valor a achega da forza sindical dos galegos ao movemento obreiro arxentino.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

21.-Aprobación da modificación do proxecto e concesión de novo prazo de xustificación da obra “Instalación de iluminación pública para iluminación da Capela de Breamo e o Castelo de Andrade” do Plan de mellora da calidade turística da zona do Eume.

22.-Aprobación da modificación do cadro de actuacións da cuarta anualidade do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

23.-Modificación da Ordenanza fiscal núm. 5 “Taxa por prestación de servizos tributarios”.

24.-Modificación das Bases pola prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia.

25.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello da Laracha.

26.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Ponteceso.

27.-Expediente de modificación de créditos de aprobación polo Pleno núm. 2/2010 e modificación da base núm. 49ª das de execución do orzamento da Deputación provincial exercicio 2010.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE MAIO DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 28 de maio de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP

DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Gacio Vázquez.

O Sr. Nogueira Fernández entra comezada a sesión, no punto 17.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Antes de comezar co punto número un, rogaríalle ao Sr. secretario da Corporación que dese lectura a unha proposta dos tres grupos políticos desta Deputación.

Sr. secretario

Os tres grupos políticos que conforman esta institución provincial manifestan o seu fondo pesar polo pasamento de D. Juan José Gallo Ramos que desde hai 21 anos desenvolvía a función de xefe do Gabinete de Prensa desta Deputación. A súa profesionalidade demostrouna día a día na súa colaboración cos distintos equipos de goberno e co seu afán de servizo, o que fixo del un home admirable, xeneroso, leal e amigo de todos. Os grupos políticos ratifican así mesmo a proposta do presidente da Corporación de que a sala da 6ª planta de usos múltiples leve o nome Sala de usos múltiples Juanjo Gallo.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 4/10, DO 30 DE ABRIL.

INTERVENCIONES

Sr. secretario

É necesario advertir unha pequena corrección técnica de erros, xa que no punto 37 desta acta, “Convenio coa Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharaí”, no ditame correspondente figura que a porcentaxe de financiamento da Deputación é do 29,98%, cando en realidade é dun punto porcentual inferior, 28,98%, segundo se deriva

do resto do expediente e dunha simple operación aritmética. Por tanto, apróbase a acta por unanimidade con esta corrección.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 4/10, do 30 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 6.901 Á Nº 10.000, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.901 á nº 10.000, de 2010.

3.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 9.867 DO 13 DE MAIO DE 2010 RELATIVA AO ABOAMENTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN DOS DEPUTADOS PROVINCIAIS.

Dáse conta ao Pleno da Resolución da Presidencia nº 9.867, do 13 de maio de 2010, relativa ao aboamento de gastos de locomoción dos deputados provinciais.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA DE APOIO AO PROXECTO “CAMPUS DE TECNOLOXÍAS E SUSTENTABILIDADE”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A Deputación da Coruña expresa o seu apoio ao proxecto “Campus de Tecnoloxías e Sustentabilidade” no que, baixo a coordinación da Universidade da Coruña, participan as tres universidades galegas para concorrer á distinción de Campus de Excelencia Internacional.

As Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo concorren a esta convocatoria mediante unha agrupación que, liderada pola Universidade da Coruña e en colaboración con institucións públicas e privadas vinculadas coas tecnoloxías para a sustentabilidade económica, social e ambiental, pretende configurar un polo de atracción internacional orientado á investigación e á transferencia de coñecemento.

A constitución dun polo científico e tecnolóxico destas características é unha iniciativa de grande interese para as actuacións estratéxicas desta institución, polo que o Pleno da Corporación provincial ACORDA apoiar a candidatura do Campus de Tecnoloxías e Sustentabilidade á distinción de Campus de Excelencia Internacional e mostrar a súa disposición a colaborar no proxecto.”

5.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008,

1.- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no [anexo I](#) a este acordo.

Tendo en conta que o artigo 79 da Lei 29/2009, do 23 de decembro de presupostos xerais do Estado para o ano 2010 establece que a partir do 1 de xullo de 2010 o tipo impositivo xeral do IVE incrementase do 16% ao 18%, e que a contratación e execución destas actuacións previsiblemente realizarase estando xa vixente o novo tipo impositivo do IVE do 18%, os presupostos das actuacións incluídas nesta 2ª fase indícanse tanto calculados co 16% como co 18% de IVE.

O financiamento do incremento experimentado pola elevación do tipo impositivo do IVE é asumido na súa totalidade pola Deputación, de conformidade co acordo plenario desta Deputación adoptado na sesión ordinaria do 26 de marzo de 2010 que dispón que a Deputación financiará a totalidade da repercusión de incremento do tipo de gravame de IVE do 16% ao 18% das obras incluídas nos plans provinciais cuxa contratación está delegada nos concellos.

Nº de obras	28
Nº de concellos	20

FINANCIAMENTO 2ª FASE ANUALIDADE 2010 PCC		
	16% IVE	18% IVE
Achega municipal	729.694,34	729.694,34
Achega deputación	4.973.276,41	5.069.374,21
Total	5.702.970,75	5.799.068,55

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2010, que se suplementa mediante o expediente 2/2010 de modificación de créditos.

Polo tanto, a aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do devandito expediente de modificación de créditos 2/2010.

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de Administración Local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o Plan.”

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011
2ª Fase da anualidade 2010

Anexo 1: Obras da 2ª fase anualidade 2010 do Plan de cooperación provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CALCULADO CO 16% IVE			PRESUPOSTO CALCULADO CO 18% IVE		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ARZÚA	10. 3300. 0155. 0	ABAST. EN PANTIÑOBRÉ, BRANDESO, TRONCEDA E O.	539.879,73	60.021,90	599.901,63	550.222,87	60.021,90	610.244,77
			539.879,73	60.021,90	599.901,63	550.222,87	60.021,90	610.244,77
BERGONDO	10. 3300. 0156. 0	REDE SAN. EN CORTIÑÁN (A FRAGA, OS CURROS E O.)	135.112,88	42.919,84	178.032,72	138.182,41	42.919,84	181.102,25
			135.112,88	42.919,84	178.032,72	138.182,41	42.919,84	181.102,25
CABANA de BERGANTIÑOS	10. 3300. 0157. 0	AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA NANTÓN	176.287,18	19.597,10	195.884,28	179.664,50	19.597,10	199.261,60
			138.233,08	15.366,79	153.599,87	140.881,36	15.366,79	156.248,15
	10. 3300. 0158. 0	AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA CORCOESTO	314.520,26	34.963,89	349.484,15	320.545,86	34.963,89	355.509,75
CURTIS	10. 3300. 0159. 0	ABAST.AUGA A ESPÍÑEIRA, A GRAÑA, BOIPARDO E O.	229.900,00	12.100,00	242.000,00	234.072,42	12.100,00	246.172,42
			229.900,00	12.100,00	242.000,00	234.072,42	12.100,00	246.172,42
A LARACHA	10. 3300. 0160. 0	REDE DE SANEAMENTO EN VILLAMIR (SOANDRÉS)	98.515,00	17.385,00	115.900,00	100.513,28	17.385,00	117.898,28
	10. 3300. 0161. 0	REDE DE SANEAMENTO EN CAIÓN E ERBOEDO	92.971,36	16.406,71	109.378,07	94.857,19	16.406,71	111.263,90
	10. 3300. 0162. 0	REDE SANEAMENTO EN CUMIÁNS (MONTEMAIOR)	94.153,15	16.615,26	110.768,41	96.062,96	16.615,26	112.678,22
	10. 3300. 0163. 0	REDE SAN. NA BAIUCA E A MONDRAGONA (MONTEMAIOR)	90.029,62	15.887,58	105.917,20	91.855,78	15.887,58	107.743,36

	10. 3300. 0164. 0	REDE DE SANEAMENTO EN XERIZ	95.005,40	16.765,66	111.771,06	96.932,49	16.765,66	113.698,15
			470.674,53	83.060,21	553.734,74	480.221,70	83.060,21	563.281,91
MELIDE	10. 3300. 0165. 0	AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO S.SALVADOR E OU.	97.619,42	10.846,60	108.466,02	99.489,53	10.846,60	110.336,13
	10. 3300. 0166. 0	AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO EN VITIRIZ E OU.	128.735,75	14.303,97	143.039,72	131.201,96	14.303,97	145.505,93
	10. 3300. 0167. 0	SANEAMENTO EN RIOCOVO E OUTROS	154.720,40	17.191,16	171.911,56	157.684,40	17.191,16	174.875,56
			381.075,57	42.341,73	423.417,30	388.375,89	42.341,73	430.717,62
MUGARDOS	10. 3300. 0168. 0	ABAST. O MONTE E IGREXA E SAN. GALIÑEIRO E O.	138.062,65	15.340,30	153.402,95	140.707,53	15.340,30	156.047,83
			138.062,65	15.340,30	153.402,95	140.707,53	15.340,30	156.047,83
NEGREIRA	10. 3300. 0169. 0	REPOSICIÓN REDE ABASTECIMIENTO EN NEGREIRA	315.000,00	35.000,00	350.000,00	321.034,49	35.000,00	356.034,49
			315.000,00	35.000,00	350.000,00	321.034,49	35.000,00	356.034,49
NOIA	10. 3300. 0170. 0	SANEAMENTO,ABAST.,PAV. EN BOA E TARAMANCOS (EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN)	315.356,12	66.382,64	381.738,76	321.001,88	66.382,64	387.384,52
			315.356,12	66.382,64	381.738,76	321.001,88	66.382,64	387.384,52
ORTIGUEIRA	10. 3300. 0171. 0	SUBST.REDE ABAST.R/FCO. SANTIAGO E OUTRA	183.647,94	20.405,33	204.053,27	187.166,10	20.405,33	207.571,43
			183.647,94	20.405,33	204.053,27	187.166,10	20.405,33	207.571,43
OUTES	10. 3300. 0172. 0	SANEAMENTO EN CABANA MOURA E TARÁS	89.530,21	18.059,26	107.589,47	91.385,21	18.059,26	109.444,47
			89.530,21	18.059,26	107.589,47	91.385,21	18.059,26	109.444,47
PORTO DO SON	10. 3300. 0173. 0	ABAST. INTEGRAL ZONA NORTE PRRQ. MIÑORTOS	615.674,04	181.902,81	797.576,85	629.425,37	181.902,81	811.328,18
			615.674,04	181.902,81	797.576,85	629.425,37	181.902,81	811.328,18

SADA	10. 3300. 0174. 0	RECUP. FONTES E LAVADOIROS SOÑEIRO E OUTR.	82.052,81	17.947,19	100.000,00	83.776,95	17.947,19	101.724,14
			82.052,81	17.947,19	100.000,00	83.776,95	17.947,19	101.724,14
S. SADURNIÑO	10. 3300. 0175. 0	SAN. NO OUTEIRO, CMÑO. ARRIBA E GULPILLEIRA	119.164,82	6.271,83	125.436,65	121.327,53	6.271,83	127.599,36
			119.164,82	6.271,83	125.436,65	121.327,53	6.271,83	127.599,36
SANTISO	10. 3300. 0176. 0	EDAR E AMPL.SAN. PEZOBRE, RENDOS E SAA	96.302,06	5.068,53	101.370,59	98.049,83	5.068,53	103.118,36
			96.302,06	5.068,53	101.370,59	98.049,83	5.068,53	103.118,36
AS SOMOZAS	10. 3300. 0177. 0	SAN. E DEPURACIÓN EN VILACHAVE, COTO E O.	95.000,00	5.000,00	100.000,00	96.724,14	5.000,00	101.724,14
			95.000,00	5.000,00	100.000,00	96.724,14	5.000,00	101.724,14
TORDOIA	10. 3300. 0178. 0	SANEAMENTO EMPALME DE ANXERIZ E OUTRO	138.571,13	7.293,22	145.864,35	141.086,04	7.293,22	148.379,26
			138.571,13	7.293,22	145.864,35	141.086,04	7.293,22	148.379,26
TOURO	10. 3300. 0179. 0	SANEAMENTO NA MUÍÑA	91.076,39	9.162,60	100.238,99	92.804,65	9.162,60	101.967,25
			91.076,39	9.162,60	100.238,99	92.804,65	9.162,60	101.967,25
VILASANTAR	10. 3300. 0180. 0	ABASTECIMENTO AUGA PARROQUIA VILARIÑO (EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN)	274.884,30	14.484,29	289.368,59	278.579,95	14.484,29	293.064,24
			274.884,30	14.484,29	289.368,59	278.579,95	14.484,29	293.064,24
ZAS	10. 3300. 0181. 0	AMPL.SAN DE RESID.BAIO PQU., AGREANAS E OUTROS	173.904,42	25.985,72	199.890,14	177.350,81	25.985,72	203.336,53
	10. 3300. 0182. 0	REDE COLECTORES NÚCLEO DE FORNELOS	173.886,55	25.983,05	199.869,60	177.332,58	25.983,05	203.315,63
			347.790,97	51.968,77	399.759,74	354.683,39	51.968,77	406.652,16
TOTAL			4.973.276,41	729.694,34	5.702.970,75	5.069.374,21	729.694,34	5.799.068,55

NÚMERO DE CONCELLOS	20
NÚMERO DE OBRAS	28

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRARRÚAS ZONA AXARDINADA BALDOMIR” DO CONCELLO DE BERGONDO INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) ADICIONAL 1/2007. CÓDIGO: 07.3101.0413.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Beirarrúas zona axardinada Baldomir**” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) adicional 1/2007, (código: 07.3101.0413.0). O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica na táboa seguinte, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.”

Código: 07.3101.0413.0 Beirarrúas zona axardinada Baldomir (Concello de Bergondo)			
	Proxecto inicial	Proxecto Reformado	Diferenza
Deputación f.p.	203.359,22	203.359,22	0
Concello	10.356,19	52.955,30	42.599,11
TOTAL	213.715,41	256.314,52	42.599,11

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE PRAZA DO CONCELLO” DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009. CÓDIGO 09.2100.0027.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Acondicionamento praza do Concello” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de Obras e servizos (POS) 2009, código: 09.2100.0027.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

09.2100.0027.0 Acondicionamento praza do Concello (Concello de Bergondo)			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	37.301,69	37.301,69	0
Deputación préstamo	26.184,20	26.184,20	0
Estado	11.028,06	11.028,06	0
Concello	43.363,24	72.551,94	29.188,70
TOTAL	117.877,19	147.065,89	29.188,70

8.-APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 11ª FASE, 2ª RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO QUE A SEGUIR SE RELACIONA, CUN ORZAMENTO TOTAL DE 90.625,10 EUROS:

CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL NA DP 3204 CURTIS Á LAVACOLLA P.Q. 1+180 AO 1+88 (CURTIS-VILASANTAR) (0911300024.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2009 11ª fase 2ª relación integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun presuposto total de 90625,10 euros:

DENOMINACION	PRESUPOSTO
CONSTRUCCION DE SENDA PEONIL NA D.P. 3204 CURTIS A LAVACOLLA P.Q. 1+180 A 1+188 (CURTIS-VILASANTAR) (0911300024.0)	90625,10
TOTAL	90625,10

2. Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

9.-APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 2ª FASE, 5ª RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO: SEGURIDADE VIARIA RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E ILUMINADO NA DP 3201 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE CURTIS (R/EMILIO MARTÍNEZ SÁNCHEZ) (CURTIS) (0911300011.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2009 2ª FASE QUINTA RELACION integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun presuposto total de 288.438,58.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
SEGURIDADE VIAL RENOVACIÓN DE BEIRARRUAS E ILUMINADO NA DP 3201 O SEU PASO POLO NÚCLEO DE CURTIS (R/EMILIO MARTINEZ SANCHEZ) (CURTIS) (0911300011.0)	288.438,58
TOTAL	288.438,58

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

10.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010, 3ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO CUN ORZAMENTO TOTAL DE 57686,05 EUROS: ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE GABENLLE Á DP 2404 PARA O DESVÍO PROVISIONAL DO TRÁFICO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O

RÍO ALLÓNS NO P.Q. 1+150 DA DP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR (A LARACHA) (1011100003.0).

APROBAR O TEXTO DO CONVENIO CO CONCELLO DA LARACHA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE GABENLLE Á DP 2404 PARA DESVÍO PROVISIONAL DE TRÁFICO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RÍO ALLÓNS NO P.Q. 1+150 DA DP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR (A LARACHA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 terceira fase, cun presuposto total de 57686,05.- euros, que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que se detalla

DENOMINACION	PRESUPOSTO
ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE GABENLLE A DP 2404 PARA O DESVIO PROVISIONAL DO TRAFICO PARA A REALIZACION DAS OBRAS DO PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RIO ALLONS NO P.Q. 1+150 DA DP 2404 A LARACHA A SILVA POR GOLMAR (A LARACHA) (1011100003.0)	57.686,05

2.Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para so efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3. Aprobar o textos do convenio co Concello da Laracha para a financiamento das obras de ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE GABENLLE A DP 2404 PARA O DESVÍO PROVISIONAL DO TRAFICO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RÍO ALLÓNS NO P.Q. 1+150 DA DP 2404 A LARACHA A SILVA POR GOLMAR.”

11.-APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2010, 3ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO CUN ORZAMENTO DE 22107,95 EUROS: COMPLEMENTARIO Nº 1 DA TRAVESÍA DO CALVARIO A PAO DO LOBO NA DP 2403 NO P.Q. 2+890 AO P.Q. 3+940.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2010 3ª fase cun presuposto total de 22107,95.- euros e que son os que a continuación se detallan:

DENOMINACION	PRESOPOSTO
--------------	------------

COMPLEMENTARIO Nº 1 DA TRAVESÍA DO CALVARIO A PAO DE LOBO NA DP 2403 NO PQ 2+890 AO PQ 3+940	22.107,95
TOTAL	22.107,95

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2. Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29/02/2008 (BOP 57/8-3-2008).”

12.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN Á ENTIDADE ASPRONAGA PARA REFORMA DAS INSTALACIÓNS CREANDO UN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN LAMASTELLE, OLEIROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade a realizar, procede:

APROBAR, a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA “ASPRONAGA” que ten o CIF: G-15028855 e o domicilio en Pérez Lugín 10, 15011 A Coruña, para o cofinanciamento da execución das obras de reforma, para crear un Centro de Día en Lamastelle-Oleiros, cunha achega da Deputación por importe de 150.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 28,09% do orzamento total dos gastos subvencionados) e que se aboará de conformidade coa cláusula 6ª e 7ª do texto do convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) CON SEDE SOCIAL NA CORUÑA E CIF G-15028855, PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REFORMA PARA CREAR UN CENTRO DE DÍA EN LAMASTELLE-OLEIROS.

A Coruña, de de 2010

Reunidos:

D.Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Álvaro Martínez García, en calidade de representante da ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) .

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña, é competente para levar a cabo este convenio, consonte coa Lei 5/97 de admón. local de Galicia art. 109 e 118 xa que de acordo coa Lei 13/08 de servizos sociais para Galicia art. 62 os concellos colaborarán no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, e as Deputacións proporcionarán asistencia a estes conforme ao art. 63.

Os servizos que fomentará este convenio están comprendidos entre os especializados, xa que responden de forma estable a situacións carenciais do colectivo ao que vai dirixido, polo que son de interese para os concellos de referencia dos usuarios.

Que a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA), segundo se desprende dos seus Estatutos, ten como finalidade, promover e realizar toda clase de accións que permitan alcanzar unha mellor calidade de vida ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, a través de servizos de orientación, formación e apoio.

En consecuencia, ambas as dúas partes, acordan colaborar con base ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.-OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) E CIF G-15028855, para o financiamento da reforma interior para centro de día, sito en Lamastelle-Oleiros, con adecuación á normativa de accesibilidade, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por dona Elvira Suárez García, (Arquitecta técnica), colexiada Nº 1291 , que foi visado polo Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña, con data de marzo de 2009.

A ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA), na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.-ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o contrato de adxudicación repártese co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE LICITACIÓN	460.296,95 €
--------------------------	--------------

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	73.647,51 €
TOTAL PRESUPOSTO	533.944,46 €

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 150.000 €, o que representa unha porcentaxe de 28,09%

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,09%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total ou efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotora, corresponderalle á ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible cando menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) previa presentación da seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- a) Copia do contrato e do expediente de contratación
- b) Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- c) Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- d) Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- e) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- f) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- g) Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- h) Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta da recepción da obra.
- i) Acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- j) Acordo sobre a afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención cando menos por un prazo de DEZ anos.

VII.-TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas cando menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais

responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €

Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de agosto de 2009 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2010.

2. Despois da solicitude da ASOCIACIÓN PRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA), realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número con data do de dous mil dez

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL
CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN PRO
DA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
INTELLECTUAL DE GALICIA
(ASPRONAGA)

Salvador Fernández Moreda

Álvaro Martínez García

13.-APROBAR A 5ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da actuación que máis adiante se indica, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a quinta fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen a actuación que deseguido se indica, que será contratada por esta Deputación.

Tendo en conta que o artigo 79 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 establece que a partir do 1 de xullo de 2010 o tipo impositivo xeral do IVE se incrementa do 16% ao 18%, e que a contratación e execución destas actuacións previsiblemente realizárase estando xa vixente o novo tipo impositivo, os orzamentos dos correspondentes contratos calculáronse tanto co 16% como co 18% de IVE.

ORZAMENTO CALCULADO CO 16% DE IVE				
Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0033.0	3º Estudio calidade augas indicadores físico-químicos. Pr. Mandeo	34.104,00	0,00	34.104,00
		14.616,00	0,00	14.616,00
		48.720,00	0,00	48.720,00
TOTAL		34.104,00	0,00	34.104,00
		14.616,00	0,00	14.616,00
		48.720,00	0,00	48.720,00

ORZAMENTO CALCULADO CO 18% DE IVE				
Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0033.0	3º Estudio calidade augas indicadores físico-químicos. Pr. Mandeo	34.692,00	0,00	34.692,00
		14.868,00	0,00	14.868,00
		49.560,00	0,00	49.560,00
TOTAL		34.692,00	0,00	34.692,00
		14.868,00	0,00	14.868,00
		49.560,00	0,00	49.560,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

14.-APROBAR OS MODELOS DE CONVENIOS TIPO PARA ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2010 (OBRAS, ACTIVIDADES, SUBMINISTRACIÓNS E INMOBLES).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os modelos tipo dos convenios de subvencións nominativas que a continuación se indican, cuxa competencia para a súa aprobación corresponda ao Pleno da Corporación ou ao presidente, segundo o texto adxunto:

- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con entidades sen fins de lucro para a realización de actividades.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con entidades sen fins de lucro para a realización de obras.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con entidades sen fins de lucro para a realización de adquisición de inmobles.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con entidades sen fins de lucro para a realización de adquisición de subministracións.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE..... PARA O FINANCIAMENTO DA..... (SUBMINISTRACIÓNS)

Na Coruña o

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da adquisición da/s subministración/s que se describe/n de seguido:

TIPO DE BEN	Nº DE UNIDADES	CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega a ENTIDADE BENEFICIARIA ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a _____ EUROS, co seguinte detalle:

Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
	Base imponible IVE (%)	

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento*).
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro .
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

(E se a dita subvención financia máis do 80 por cento do gasto, deberase engadir este apartado).

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

(Se o importe do financiamento provincial supera os 30.000 euros)

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben ou equipamento, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá colocar un cartel no Taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
 - Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que conste que foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.**

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE

BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder .

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación .
3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto .
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicatoruna.es](#).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día _____
2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro , xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia . Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo , reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda Asdo.:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE..... PARA O FINANCIAMENTO DA..... (ACTIVIDADES)

Na Coruña o

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da _____ (descrición con detalle da actividade que vai realizar directamente o beneficiario da subvención).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	PORCENTAXE DE IMPUTACIÓN ¹	IMPORTE
1. Gastos de persoal 1.1.Soldos e salarios 1.2. Seguridade Social a cargo da entidade				
2. Gastos en bens correntes e servizos 2.1. Arrendamentos 2.2. Reparacións e conservación 2.3. Subministracións 2.4. Servizos exteriores 2.5. Indemnizacións				
TOTAL:				

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE.

(Financiamento provincial)

1.-A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de ____ (expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento). No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ tanto por cento, con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

(Só para gastos plurianuais)

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
------------	-------------------------	---------

¹ Para o caso de que só se impute como gasto subvencionable unha parte do gasto presupostado e que logo se ten que xustificar.

--	--	--

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

(Outro financiamento alleo)

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

(O apartado anterior deberá substituírse polo seguinte, cando o importe da subvención provincial supere os 60.000 euros)

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os Pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

(E se a dita subvención financia máis do 80 por cento do gasto, deberase engadir este apartado).

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

(Réxime xeral: subvencións pospagables).

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.**

(Réxime especial: subvención parcialmente prepagable)

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza dabondo, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pagamento anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo establecido, non se teña presentado a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse tódolos cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación

Provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder .

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro .

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día _____
2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data do dous mil nove

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda Asdo.:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA E A ENTIDADE..... PARA O FINANCIAMENTO
DA..... (INMOBLES)**

Na Coruña o

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da adquisición do ben inmueble que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DO PREDIO:

SITUACIÓN E LINDEIROS (só para terreos rústicos)

REFERENCIA CATASTRAL:

INSCRICIÓN REXISTRAL:

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou a ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a _____ EUROS.

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN
OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento*).

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro .

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmueble, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

(E se a dita subvención financia máis do 80 por cento do gasto, deberase engadir este apartado).

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

(Se o importe do financiamento provincial supera os 30.000 euros)

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmueble, farase constar o importe do financiamento provincial
(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).
2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmueble, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA e acreditación da inscrición rexistral a prol de dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- * Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder .
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos

correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación .

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao

máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto .

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día _____

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro , xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo , reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda Asdo.:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA E A ENTIDADE..... PARA O FINANCIAMENTO
DA..... (OBRAS)**

Na Coruña o

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da (DENOMINACIÓN DA OBRA QUE FIGURA NO PROXECTO TÉCNICO), tal como aparece definida a obra no proxecto (básico ou de execución), redactado por DON/DONA _____, (ARQUITECTO/ENXEÑEIRO), colexiado/a núm. _____, que foi visado polo COLEXIO de _____, con data do _____.

A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especifícase co seguinte detalle:

P. E.M: _____

GASTOS XERAIS _____

BENEFICIO INDUSTRIAL _____

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN
OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. (Financiamento provincial)

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento*).

No caso de que a gasto xustificadado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro .

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

(Só para gastos plurianuais)

(O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

2. (Outro financiamento alleo)

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

(Se o custo das obras supera os 30.000 euros)

2. Con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

(Se o importe da subvención provincial supera os 60.000 euros)

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

(E se a dita subvención financia máis do 80 por cento do gasto).

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

(Réxime xeral: subvención pospagable)

1. A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

Copia do contrato e do expediente de contratación *(só para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).*

- Certificación de obra suscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

1. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

(Réxime especial: subvención parcialmente prepagable).

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza dabondo, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula SÉTIMA.

Non será posible expedir un pagamento anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo establecido, non se teña presentado a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse tódolos cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder .

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación .

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro .
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día _____.
2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro , xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo , reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA
Asdo.: Salvador Fernández Moreda

O
Asdo.:

15.-APROBAR OS MODELOS DE CONVENIOS TIPO PARA CONCELLOS PARA O ANO 2010 (OBRAS, ACTIVIDADES, SUBMINISTRACIÓNS E INMOBLES).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os modelos tipo dos convenios de subvencións nominativas que a continuación se indican, cuxa competencia para a súa aprobación corresponda ao Pleno da Corporación ou ao presidente, segundo o texto adxunto:

- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con concellos para a realización de actividades.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con concellos para a realización de obras.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con concellos para a realización de adquisición de inmobles.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas con concellos para a realización de adquisición de subministracións.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O FINANCIAMENTO DE SUBMINISTRACIÓNS

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña
Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. , Alcalde Presidente do Concello de

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da adquisición do ben moble que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN:

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou a ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a _____ EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais*).
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na [base 56^a](#) das de execución do orzamento para o ano 2010, ata o [60 por cento](#) da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

[A ENTIDADE BENEFICIARIA](#) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento [do 40 por cento](#) restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.
Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- [Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable](#)
- [Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.](#)

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE

BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e [na base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para

a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día
2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.
3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARES

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. _____, Alcalde Presidente do Concello de _____

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de _____ ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da _____

_____ (descrición con detalle da actividade que vai realizar directamente o beneficiario da subvención).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1. Gastos de persoal			
2. Arrendamentos, mantemento e conservación			
3. Material, subministracións e outros			TOTAL:

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (expresión en tanto por cento con dous decimais). No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (tanto por cento, con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

(Só para gastos plurianuais)

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

(Outro financiamento alleo)

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista no disposto na [base 56^a](#) das de execución do orzamento para o ano 2010, [ata o 60 por cento](#) da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- [A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.](#)

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento **do 40 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE

BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de

novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE _____

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: _____

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO..... PARA O FINANCIAMENTO DE INMOBLES.

Na Coruña o de dous mil nove

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte o Sr....., Alcalde-Presidente do Concello de

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de _____ ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a (DENOMINACIÓN DA ENTIDADE E NIF), para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DO PREDIO:

SITUACIÓN E LINDEIROS (só para terreos rústicos)

REFERENCIA CATASTRAL:

INSCRICIÓN REXISTRAL:

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou a ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a _____ EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento*).
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

(E se a dita subvención financia máis do 80 por cento do gasto, deberase engadir este apartado).

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

(Se o importe do financiamento provincial supera os 30.000 euros)

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA e acreditación da inscrición rexistral a prol de dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- *Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.*
- *Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.*

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se

tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día _____

2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data de dous mil nove

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda Asdo.:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña
Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr., Alcalde Presidente do Concello de.....

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Irixoa con CIF P--G, para o financiamento da obra de”, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por DON/DONA _____, (ARQUITECTO/ENXEÑEIRO), colexiado/a núm.

A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especifícase co seguinte detalle:

P. E.M: _____
GASTOS XERAIS _____
BENEFICIO INDUSTRIAL _____
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais*).
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

(No caso de que a imputación do gasto teña carácter plurianual)

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

(Se o importe da subvención non supera os 30.000 euros abondará con que se faga constar o financiamento provincial na documentación administrativa do expediente e na publicidade que se acorde facer da obra)

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56^a das de execución do orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito procederase coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **40 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985 , do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º](#) das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata
2. Logo da solicitude previa da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.
3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.:

16.-APROBAR DEFINITIVAMENTE O EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE FERROL DO INMOBLE: AA.VV. SAN XOÁN DE FILGUEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso ao concello de FERROL do inmoble: AA.VV. SAN XOÁN DE FILGUEIRA

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do local	Resol. nº 22688, do 28-12-2001	66.111,33
Obras (Inicial)	Resol. nº 12671, do 1-8-2008	53.921,94
Obras (Reformado)	Acordo da Xunta de Goberno do 8-10-2009	8.815,4
	total	128.848,67

- CONCELLO: FERROL.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: R/SOUTO Nº 15 PLANTA BAIXA NO BARRIO DE SAN XOÁN DE FILGUEIRA E BERTÓN, MUNICIPIO DE FERROL.

Sendo a superficie do terreo de 137 m² e a superficie da construción 71 m² e para completar as instalacións proxéctase un salón de actos e usos múltiples coas súas dependencias complementarias que se relaciona:

Salón de actos e usos múltiples (56 persoas)	55,55 m ²
Escenario	13,50 m ²
Vestíbulo	14,05 m ²
Aseo minusválidos	4,40 m ²
Soportal acceso	14,10 m ²

- REFERENCIA CATASTRAL:

3664410nj6136s0001wf

- ADQUISICIÓN: COMPRAVENDA A DNA HERMANDINA LUACES SANTALLA, SEGUNDO ESCRITURA OUTORGADA POR D. FRANCISCO MANUEL LÓPEZ SÁNCHEZ O 29 DE ABRIL DE 2.002. Nº PROTOCOLO: 1235

- REXISTRO: REXISTRO DA PROPIEDAD DE FERROL

PREDIO nº 52.749; TOMO 1.669; LIBRO 655; FOLIO 22.

- DESTINO: Cesión á AA.VV. "SAN XOÁN DE FILGUEIRA".

- CONCELLO: FERROL

2º. As condicións de cesión de uso son as establecidas no texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FERROL para a cesión do edificio destinado á Asociación de Veciños de SAN XOÁN DE FILGUEIRA, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión plenaria do 26-3-2010.

3º. A cláusula segunda do convenio establece que:

"A autorización de uso realízase por un período de TRINTA anos (30 anos). Este período poderá ser prorrogado por períodos de CATRO (4 anos), por acordo da Excm. Deputación Provincial, previa petición de Concello de FERROL, na que se xustifiquen debidamente as razóns que motivan a necesidade ou conveniencia da prórroga, a solicitude de prórroga deberá formalizarse perante a Deputación

provincial cunha antelación mínima de seis meses antes de que expire o prazo da súa vixencia.”

4º. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, no seu caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

17.-APROBAR O CONVENIO COA ONGD “SOLIDARIEDADE GALEGA” PARA O COFINANCIAMENTO DA 1ª FASE DA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO MULTIUSOS PARA O INSTITUTO DE LIDERADO DAS SEGOVIAS, EN NOVA SEGOVIA-NICARAGUA”.

(Entra no salón o Sr. Nogueira Fernández).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONG “Solidariedade Galega” para o cofinanciamento dun proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento en Nicaragua” con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011, cunha achega provincial de 30.000 euros (54,73% de financiamento) sobre un presuposto de 54.815,00 euros e que se aprobará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “SOLIDARIEDADE GALEGA” PARA COFINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO MULTIUSOS PARA O INSTITUTO DE LIDEREZGO DE LAS SEGOVIAS, EN NICARAGUA

A Coruña, de de dous mil dez

□REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Enrique Rodríguez Álvarez, DNI núm. 34.548.589-J, que intervéen neste acto en nome e representación da ONGD “Solidariedade Galega”, CIF G-15.589.500, con domicilio social na praza de San Roque, 1 - CP 15003 A Coruña, na súa calidade de presidente da entidade e conforme ás competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

“Solidariedade Galega” é unha organización non governamental de desenvolvemento (ONGD), con personalidade xurídica propia e independente, e plena capacidade xurídica e de actuar, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que ten entre as súas fins a prestación de asistencia sanitaria e social, especialmente nos países latinoamericanos, e está inscrita no Rexistro Galego de ONGD co número SGPA 97/11-ONGD-55.

O convenio ten por obxecto o cofinanciamento da primeira fase do proxecto “Construción e dotación dun centro multiusos para o Instituto de Liderazgo de Las Segovias”, en Nueva Segovia - Nicaragua.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, para a cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, razón pola que en sesión plenaria ordinaria do día acordou subvencionalo cunha achega por importe de 30.000 €, nos termos do convenio de colaboración que ambas as dúas partes acordan, suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e “Solidariedade Galega” para o financiamento da execución do proxecto “Construción e dotación dun centro multiusos para o Instituto de Liderazgo de Las Segovias - 1ª fase”, en Nueva Segovia - Nicaragua.

O proxecto ten por obxecto dotar dun local idóneo que reúna as condicións pedagóxicas precisas para o desenvolvemento de programas e actividades de formación comunitaria, e satisfacer así a demanda e a necesidade de capacitación dos habitantes máis mozos, especialmente das mulleres, favorecendo as súas capacidades individuais e colectivas e a súa calidade de vida.

O citado centro multiusos estará adscrito ao Instituto de Liderazgo de Las Segovias, centro de formación que á súa vez pertence á contraparte local, a “Fundación para la promoción y desarrollo de las mujeres y la niñez: Blanca Arauz” (FUNDEMUNI, en adelante), organización non governamental local de carácter social e sen fin de lucro, sen prexuízo da colaboración doutras entidades nicaragüenses e españolas.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento desta 1ª fase do proxecto, tal e como foi presentada pola ONGD Solidariedade Galega, ascende á cantidade de 54.815,00 €, co seguinte detalle:

- Acondicionamento do terreo	1.300,00
- Cimentación	5.400,00
- Estrutura	19.000,00
- Cubertas	10.500,00
- Albanelería	<u>18.615,00</u>

Total 54.815,00

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 30.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 54,73 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,73 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito a percibila.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. A contraparte local é a “Fundación para la promoción y desarrollo de las mujeres y la niñez: Blanca Arauz” (FUNDEMUNI, en adiante), organización non governamental local de carácter social e sen fin de lucro, sen prexuízo da colaboración doutras entidades nicaraguenses e españolas.
2. En virtude deste convenio, correspóndelle á ONGD Solidariedade Galega a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a supervisión das avaliacións nel dispostas, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como a transferencia a FUNDEMUNI das achegas económicas correspondentes.
3. A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación da execución da obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes contratistas, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (54,73 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (30.000 €).

1.1. Primeiro prazo.- O primeiro prazo, por importe do 50 % da achega provincial, con carácter de anticipo prepagable. Para a súa tramitación a beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

1.1.1. Solicitude de aboamento

1.1.2. Acordo coa contraparte para levar a cabo o proxecto.

1.1.3. Acreditación da apertura dunha conta bancaria, coa denominación do proxecto, con cargo á que a beneficiaria deberá xestionar os fondos librados para a execución do proxecto. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

1.2. Segundo prazo.- Para a súa tramitación a beneficiaria deberá acreditar a execución final do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Informe xeral suscrito polo representante da ONGD Solidariedade Galega, relativo á realización do obxecto do convenio, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención e á difusión do financiamento provincial.

1.2.2. Reportaxe fotográfica das obras realizadas.

1.2.3. Acta de recepción das obras por parte do Instituto de Liderezo de Las Segovias, e compromiso do seu destino á finalidade para a que foron realizadas polo menos durante dez anos máis.

1.2.4. Relación clasificada dos gastos realizados.

1.2.5. Copias compulsadas das facturas e outros xustificantes dos servizos e/ou subministracións recibidos, así como doutros gastos relacionados coa execución do obxecto do convenio.

1.2.6. Acreditación da aprobación da/s factura/s presentada polo órgano competente da entidade beneficiaria.

1.2.7. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2. Non será posible realizar pagamentos anticipados se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras distintas, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

5. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.
3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorren máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao de oficio esta.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de

cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2011. Porén, admitiranse xustificantes de gasto dende o 1 de xaneiro do 2010.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm., do.... de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da ONGD Solidaridade Galega

D. Salvador Fernández Moreda

D. Enrique Rodríguez Álvarez

18.-APROBAR O CONVENIO COA “FUNDACIÓN GALICIA INNOVA” PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORTALECEMENTO DE INSTITUCIÓN PÚBLICAS E ORGANIZACIÓN PRIVADAS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS ÁMBITOS RURAL E URBANO E APOIO AO PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN DE COMPETENCIAS, EN PERÚ”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia Innova para cofinanciar o proxecto “Fortalecemento de institucións públicas e organizacións privadas de atención ás persoas con discapacidade nos ámbitos rural e urbano e apoio ao proceso de descentralización de competencias, no Perú, con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011, cunha achega provincial de 42.960,00 euros (80% de financiamento) sobre un presuposto de 53.700,00 euros e que aboará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/481.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE FORTALECEMENTO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO PERÚ

A Coruña, de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Julio Galán Vázquez, DNI núm. 32.822.075-V, que intervéñ neste acto en nome e representación da “Fundación Galicia Innova”, CIF G-15905839, con domicilio social na Rúa Cabo Santiago Gómez, 8 - A Coruña, na súa calidade de director xeral do Comité Executivo, segundo poder outorgado polo seu Padroado na reunión do 12.06.2007 e conforme cos estatutos fundacionais.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Fundación Galicia Innova é unha organización de natureza fundacional, constituída no ano 2003 ao abeiro da normativa galega reguladora do réxime das fundacións de interese galego (hoxe contida na Lei 12/2006, do 1 de decembro), declarada e inscrita como Fundación de interese galego en virtude da Orde do 19 de xaneiro de 2004 (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2004), e inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento e no de Axentes Sociais.

Dende a súa constitución e de acordo cos seus estatutos, a Fundación Galicia Innova vén identificando e executando programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración con institucións públicas, organizacións e entidades privadas, tanto en España como noutros países, de xeito que acumula unha grande experiencia, especialmente no eido dos servizos de atención ás necesidades básicas da poboación.

En virtude do convenio 407/2009, asinado coa Fundación Galicia Innova, que foi aprobado por Resolución da Presidencia núm. 24.388/2009, do 27 de novembro, a Deputación da Coruña comprometeuse ao cofinanciamento da “Identificación de programas de fortalecemento institucional no sector dos servizos sociais no Perú e no sector sanitario na República de Paraguai”, para desenvolver, nunha fase posterior, actuacións concretas.

Unha vez realizada a identificación do programa de fortalecemento no sector dos servizos sociais no Perú, e co obxecto da súa posta en marcha, a Fundación Galicia Innova presentou unha proposta de colaboración nun proxecto que incide na formación e a transferencia de coñecemento das institucións implicadas nos subsectores da discapacidade no citado país, para o que solicita a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

1. O proxecto que promove a beneficiaria denomínase “Fortalecemento de institucións públicas e organizacións privadas de atención ás persoas con discapacidade nos ámbitos rural e urbano e apoio ao proceso de descentralización de competencias no Perú” e consiste na formación e a transferencia de coñecemento das institucións implicadas nos subsectores da discapacidade no citado país, que se realizará en tres fases, de execución simultánea:

- Fase 1ª. Fortalecemento operativo de xestión do *Consejo Nacional de Integración de las Personas con Discapacidad (CONADIS)*, organismo estatal responsable da execución das políticas peruanas sobre integración das persoas con discapacidade. Esta fase finalizará coa elaboración dun plano estratéxico detallado das accións necesarias para a consecución dos obxectivos de fortalecemento operativo de xestión do *CONADIS*.

- Fase 2ª. Apoio na creación de *Oficinas Municipales de Atención a la Persona con Discapacidad (OMAPED)*, que se materializará coa mellora do Centro de Formación Profesional Binacional de *Las Lomas – Piura*, cuxa xestión está a cargo da Asociación Chira, entidade peruana sen ánimo de lucro constituída para propiciar a educación técnica, a investigación científica e a extensión e transferencia de tecnoloxía, mediante:

- Construción dunha sala de capacitación que permita xerar espazos de participación para persoas con discapacidade, anexa ao edificio sede do citado centro de formación profesional.

- Dous servizos hixiénicos dentro do citado edificio (entre a sala de capacitación e o laboratorio).

- Rampla de acceso ás instalacións.

- Equipamento: un ordenador e unha impresora.

- Mobiliario: seis mesas, doce cadeiras e unha pizarra.

- Fase 3ª. Fortalecemento e fomento do traballo en rede das *Oficinas Regionales de Personas con Discapacidad (OREDI) e municipais (OMAPED)*, que se levará a cabo coa colaboración da *Fundación para el Desarrollo Solidario (FUNDADES)*, entidade sen ánimo de lucro líder no eido da discapacidade no Perú, que facilitará a relación coas oficinas locais e proporcionará o apoio loxístico, consistente na dotación do seguinte equipamento informático para cada unha das 14 sedes seleccionadas: un ordenador, unha impresora, un programa antivirus e un USB (de 2 Gb).

2. Para a execución do proxecto, a beneficiaria contará coa colaboración das institucións implicadas, especialmente do *Consejo Nacional de Integración de las Personas con Discapacidad (CONADIS)*, da *Fundación para el Desarrollo Solidario (FUNDADES)* e das organizacións que a integran, así como da *Asociación Chira*.

II. ORZAMENTO

O orzamento de gastos directos ascende a 53.700 €, que se resume nas seguintes partidas:

<u>Gasto corrente</u>		<u>37.500,00</u>
Persoal	31.700,00	
Desprazamentos	2.600,00	
Viáticos	3.200,00	
<u>Investimentos</u>		<u>16.200,00</u>

Infraestruturas	8.750,00
Mobiliario e equipamento 2ª fase	1.250,00
Equipamento informático 3ª fase	6.200,00
TOTAL	53.700,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, coas seguintes achegas:

Gasto	Orzamento	Achega	% financiamento	Partida
Corrente	37.500,00	30.000,00	80	0103/232B/481
Investimentos	16.200,00	12.960,00	80	0103/232B/781
	53.700,00	42.960,00	80	

2. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas no apartado 1, nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra nas que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou os 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria en dous prazos, coas seguintes condicións:

1.1. Primeiro prazo.- Por importe de 25.776 € (equivalente ao 60 % da achega concedida), con carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación da fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do orzamento provincial para 2009, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificar unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

1.1.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o aboamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula VIII, os compromisos de colaboración das contrapartes e a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto de fortalecemento dos servizos de atención ás persoas con discapacidade no Perú”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

1.2. Segundo prazo.- Polo importe restante, despois da presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Memoria final da actuación, subscria polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das distintas actividades e investimentos realizados, especialmente os correspondentes á 2ª fase (sala de capacitación).

1.2.2. Un exemplar do documento final relativo ao plano estratéxico das accións necesarias para a consecución do fortalecemento operativo de xestión do *Consejo Nacional de Integración de las Personas con Discapacidad (CONADIS)*.

1.2.3. Acta de recepción da obra, mobiliario e equipamento correspondentes á fase 2ª, por parte do Centro de Formación Profesional Binacional de Las Lomas - Piura, así como un compromiso de dedicar as instalacións ao destino para o que foron concibidas durante dez anos máis, polo menos.

1.2.4. Acta/s de recepción do equipamento informático previsto para a fase 3ª, co compromiso de dedicalo ao destino para o que foi concibido durante cinco anos máis, polo menos.

- 1.2.5. Relación certificada e clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Na citada relación ou en documento independente deberá certificarse tamén a aprobación por parte do órgano competente da beneficiaria das facturas e demais documentación xustificativa de gastos presentada.
- 1.2.6. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 1.2.7. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 1.2.8. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 1.2.9. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

3. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas antes do 30.11.2011.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido a xustificación final citada, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación final da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento

dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo aos aboamentos da subvención que sexan procedentes, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, O dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011.

2. Despois da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Fundación Galicia
Innova

D. Salvador Fernández Moreda

D. Manuel Julio Galán Vázquez

19.-APROBAR O CONVENIO COA “CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)”, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “PROMOCIÓN DAS TIC PARA A

INCLUSIÓN EDUCATIVA DE NENAS/OS E ADOLESCENTES EN SAN JUAN DE LURIGANCHO, LIMA-PERÚ”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, para cofinanciar un proxecto de cooperación de “Promoción das TIC para a inclusión educativa de nenas/os e adolescentes en San Juan de Lurigancho, Lima-Perú” con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro do 2011, cunha achega provincial de 20.000 euros (80 % de financiamento) sobre un presuposto de 25.000 euros e que se aboará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, PARA COFINANCIAR UN PROXECTO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO EN LIMA-PERÚ

A Coruña, de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D/Dna., DNI núm., que intervéñ neste acto en nome e representación da “Confederación Galega de Persoas con Discapacidade”, CIF G-32115941, con domicilio social na Rúa Modesto Brocos, núm. 7, Bloque III-baixo, de Santiago de Compostela, na súa calidade de, segundo e conforme cos estatutos fundacionais.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A “Confederación Galega de Persoas con Discapacidade” (COGAMI ou a beneficiaria, en adiante) é unha organización sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei de asociacións 191/1964, hoxe substituída pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñecida legalmente como entidade colaboradora en materia social a favor das persoas con discapacidade.

Trátase dunha organización declarada de utilidade pública, que ten como finalidade a integración social das persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal promove e coordina un movemento asociativo con obxectivos e valores similares, á vez que presta unha serie de servizos totalmente gratuítos para as persoas con discapacidade e as súas familias. Entre as súas fins, segundo os seus estatutos (art. 7.19), figura a cooperación

internacional ao desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

1. O proxecto que promove a beneficiaria consiste na “Promoción das novas tecnoloxías para a inclusión educativa de nenas/os e adolescentes en San Juan de Lurigancho, Lima-Perú”. O seu obxectivo xeral é promover as TIC como medio de fortalecer a inclusión educativa dos mozos con discapacidade.

2. A intervención da beneficiaria farase en colaboración coa súa contraparte local, a Asociación Yancana Huasy (Asociación de apoio e promoción do excepcional), entidade constituída en 1981 no distrito de Lurigancho (Perú) como resposta ás necesidades das persoas con discapacidade, cuxas actividades inciden na área da educación e da inclusión, co obxecto de fortalecer o proceso de inclusión educativa dos mozos con discapacidade nas escolas de educación básica.

3. O proxecto que COGAMI pretende levar a cabo en colaboración coa súa contraparte local comprende a adquisición e posta en funcionamento de diverso equipamento informático adaptado para persoas con discapacidade visual, auditiva e física, na capacitación de profesionais para a súa utilización e no mantemento e actualización dos equipos adquiridos e a coordinación, seguimento e avaliación do proxecto, acción que inclúe a adquisición e posta en funcionamento dun sistema de videoconferencia, beneficiando aproximadamente a 120 persoas, entre mozos, pais/nais, docentes e profesionais que participan no acompañamento dos nenos/as e adolescentes con discapacidade.

II. ORZAMENTO

O orzamento de gastos directos ascende a 25.000,00 €, que se resume nas seguintes partidas:

GASTO CORRENTE	8.780,00
Capitación profesionais (accións 3 e 4)	3.820,00
Aplicación, mantemento e actualización TIC (accións 5 e 6)	700,00
Coordinación – gastos de persoal (acción 7)	4.260,00
INVESTIMENTOS	16.220,00
Acondicionamento das instalacións (acción 1)	700,00
Equipamento informático (accións 2)	13.000,00
Coordinación – sistema videoconferencia (acción 7)	2.520,00
TOTAL	25.000,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, coas seguintes achegas máximas:

Gasto	Orzamento	Achega	% financiamento	Partida
Corrente	8.780,00	3.980,00	45,33	0103/232B/481
Investimentos	16.220,00	16.020,00	98,76	0103/232B/781
	25.000,00	20.000,00	80,00	

2. O resto do financiamento provén de fondos propios da beneficiaria e da contraparte local, polo que a achega provincial é compatible coa percepción doutras axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa achega provincial, non supere o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que pola concorrencia doutras axudas se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

3. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas no apartado 1, nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe das prestacións supera os 12.000 euros, en caso de equipamento, ou os 30.000, se se trata de obras, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria en dous prazos, coas seguintes condicións:

1.1. Primeiro prazo.- Por importe de 14.000 € (equivalente ao 70 % da achega concedida), con carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación da fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do orzamento provincial para 2010, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

1.1.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o aboamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII, o compromiso ou acordo de colaboración da contraparte e a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de promoción das novas tecnoloxías para a inclusión educativa de nenas/os e adolescentes en San Juan de Lurigancho, Lima-Perú”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

1.2. Segundo prazo.- Polo importe restante, despois da presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Memoria final da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados acadados. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das distintas actividades e investimentos realizados.

1.2.2. Acta de recepción do equipamento e melloras nas instalacións, subscrita pola contraparte local e validada pola beneficiaria, así como un compromiso de dedicar as instalacións ao destino para o que foron concibidas durante cinco anos máis, polo menos.

1.2.3. Relación certificada e clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Na citada relación ou en documento independente deberá certificarse tamén a aprobación por parte do órgano competente da beneficiaria das facturas e demais documentación xustificativa de gastos presentada.

1.2.4. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula VIII.

1.2.6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

3. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas e xustificadas antes do 30.11.2011.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise a xustificación final citada, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación final da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo aos aboamentos da subvención que sexan procedentes, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. A subscrición do presente convenio implica a autorización para que Deputación poida obter telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011. Porén admitiranse xustificantes datados dende o 01.01.2010

2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de

novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo do Pleno Corporativo do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e a data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

D. Salvador Fernández Moreda

D.

20.-APROBAR O CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS DA REPÚBLICA ARXENTINA”, PARA O COFINANCIAMENTO DO “ACONDICIONAMENTO DUNHA NOVA SALA DO MUSEO DA EMIGRACIÓN GALEGA NA ARXENTINA (MEGA), QUE LEVARÁ O NOME “SALA ANTONIO SOTO”, QUE ACOLLERÁ E PORÁ EN VALOR A ACHEGA DA FORZA SINDICAL DOS GALEGOS AO MOVEMENTO OBREIRO ARXENTINO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina para cofinanciar un proxecto de “Acondicionamento dunha nova sala do Museo de Emigración Galega na Arxentina (MEGA), que levará o nome “Sala Antonio Soto”, que acollerá e porá en valor o aporte da forza sindical dos galegos ao movemento obreiro arxentino ” con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro do 2011, cunha achega provincial de 9.000 euros (80 % de financiamento) sobre un presuposto de 11.250,00 euros e que se aboará de conformidade co disposto na cláusula 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232C/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O COFINANCIAMENTO DUNHA AMPLIACIÓN DO MUSEO DA EMIGRACIÓN GALEGA (MEGA)

A Coruña..... , de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Francisco Lores Mascato, que intervén neste acto en nome e representación da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina, cuxo domicilio social está en Chacabuco, 955, de Bos Aires – Arxentina, actuando na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

Con tal motivo, a Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo do día, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina por importe de 9.000 euros, coa finalidade de colaborar coa citada entidade no cofinanciamento dunha nova ampliación do Museo da Emigración Galega que afecta, neste caso, ao acondicionamento dunha nova sala que levará o nome de “Sala Antonio Soto”, que acollerá e porá en valor a achega da forza sindical dos galegos ao movemento obreiro arxentino, polo que se estima conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto da subvención nominativa é colaborar no financiamento da ampliación do Museo da Emigración Galega consistente no acondicionamento dunha nova sala que levará o nome de

“Sala Antonio Soto”, que acollerá e porá en valor a achega da forza sindical dos galegos ao movemento obreiro arxentino

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 58.750 pesos arxentinos, cuxo contravalor en euros é de 11.250,00 € e ten o detalle que figura no anexo.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento dos citados investimentos cunha achega máxima equivalente a 9.000,00 € (NOVE MIL EUROS), sobre un orzamento de 11.250,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, do orzamento xeral para 2010, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de promotor, corresponderalle á Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina o outorgamento dos correspondentes contratos de obra e subministración. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da obra supera os 30.000 euros, ou tratándose dunha adquisición esta supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores ou provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (80 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (9.000,00 €):

A. Informe xeral (parcial ou final) suscrito polo representante da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina, relativo aos investimentos realizados, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención.

B. Acta de recepción dos equipamentos e compromiso de destinalos á finalidade prevista durante polo menos dez anos máis.

B. Relación clasificada dos gastos realizados, relacionados coa execución do obxecto do convenio.

C. Orixinais ou copias compulsadas das facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio equivalente, acreditativos dos gastos.

D. Acreditación da aprobación da factura/s presentada polo órgano competente da entidade beneficiaria.

E. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente coas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As obras e adquisicións obxecto do cofinanciamento provincial deberán estar realizadas e xustificadas antes do 30.12.2011.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarse mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao de oficio esta.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan imponer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

O presidente da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina

D. Salvador Fernández Moreda

D. Francisco Lores Mascato

ANEXO

CONCEPTO	TOTAL
----------	-------

	(pesos arxentinos)
Restauración e pintura: -Ceos rasos, cachotería e gretas na entrada do 1º piso, corredores e caixa da escaleira -Pintura total de teitos e paredes	15.500,00
Electricidade: -Instalación dun sistema de iluminación periférico, mediante carrileiras de iluminación con 42 spts e 14 lámpadas -Instalación dun sistema de electricidade na entrada e a nova sala	12.000,00
Restauración do parqué: -Reparación do piso mediante o seu nivelado nalgúns sectores, pegado e reposición de pezas danadas. -Reparación de alfaxías e pulido e plastificado do parqué	16.750,00
Subministración de vitrinas de acrílico	14.500,00
TOTAL	58.750,00

TOTAL EN EUROS: 11.250,00 €

21.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO E CONCESIÓN DE NOVO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA PARA ILUMINACIÓN DA CAPELA DE BREAMO E O CASTELO DE ANDRADE” DO PLAN DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Instalación de alumeadado público para iluminación da Capela de Breamo e Castelo de Andrade” do Plan de mellora da calidade turística da zona do Eume código 08.4700.0002. cun presuposto de 80.504,05 €. o que supón un incremento de 16.948,73 €. con respecto ao proxecto primitivo, calculado respecto do presuposto de adxudicación

2.- O financiamento do proxecto queda establecido nos seguintes termos:

	Proxecto inicial					
	Anualidade 2008		Anualidade 2009		Total proxecto inicial	
Axentes financiadores	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación
Deputación	75.874,90	63.555,32	793,90	0,00	76.668,80	63.555,32
Concello	0,00	0,00	7.383,76	0,00	7.383,76	0,00
Total	75.874,90	63.555,32	8.177,66	0,00	84.052,56	63.555,32

	Proxecto modificado					
	Anualidade 2008		Anualidade 2009		Total proxecto inicial	
Axentes financiadores	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación
Deputación	75.874,90	63.555,32	793,90	0,00	76.668,80	63.555,32
Concello	22.414,87	16.948,73	7.383,76	0,00	29.798,63	16.948,73
Total	98.289,77	80.504,05	8.177,66	0,00	106.467,43	80.504,05

3.-Aprobar a concesión dun novo prazo de xustificación ante a Deputación da execución das obras. A dita xustificación deberá estar acreditada ante a Deputación o próximo 1 de novembro de 2010.

4.- A partida á que deben imputarse os gastos é a 0305/432A/76201.”

22.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL TAL COMO QUEDA REFLECTIDA NO SEGUINTE CADRO:

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 26/03/2010	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	132.001,44 €	132.001,44 €	0,00 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €	0,00 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	195.893,10 €	36.161,10 €	-159.732,00 €
2.1	Creación dun centro de recepción de Visitantes en Ortigueira (liquidación)	19.160,00 €	19.160,00 €	0,00 €
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	0,00 €	-159.732,00 €
2.3	Caseta de madeira para praia Pantín (Valdoviño)	17.001,10 €	17.001,10 €	0,00 €
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €	0,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €	0,00 €
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	130.888,97 €	290.620,97 €	159.732,00 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	130.888,97 €	290.620,97 €	159.732,00 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	85.925,20 €	85.925,20 €	0,00 €
5.1	Creación da ruta de interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	35.925,20 €	35.925,20 €	0,00 €
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegale apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €

6	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/11/09)	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00 €
8	RUTAS DOS RÍOS (II)	102.658,29 €	102.658,29 €	0,00 €
8.1	Ruta Ribeira do Bispo-Ambosores	102.658,29 €	102.658,29 €	0,00 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €	0,00 €

- A actuación 2.2 “ACTUACIÓNS NA ÁREA RECREATIVA DO TOXO” elimínase do PDPT.
- A actuación 4. “PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN II”, aumenta a súa partida en 159.732,00€, sendo o orzamento definitivo **290.620,97€**

2.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 26/03/2010	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	132.001,44 €	132.001,44 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	195.893,10 €	36.161,10 €
2.1	Creación dun centro de recepción de visitantes en Ortigueira (liquidación)	19.160,00 €	19.160,00 €
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	0,00 €
2.3	Caseta de madeira para praia Pantín (Valdoviño)	17.001,10 €	17.001,10 €
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	130.888,97 €	290.620,97 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	130.888,97 €	290.620,97 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	85.925,20 €	85.925,20 €
5.1	Creación da ruta de interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugar dos)	35.925,20 €	35.925,20 €
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €
6	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €	36.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/11/09)	36.000,00 €	36.000,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €
8	RUTAS DOS RÍOS (II)	102.658,29 €	102.658,29 €
8.1	Ruta Ribeira do Bispo-Ambosores	102.658,29 €	102.658,29 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €

3 UNHA VEZ APROBADAS AS MODIFICACIÓNS DAS ACTUACIÓNS CITADAS NO PRESENTE ACORDO PROCEDE ANULAR OS DOCUMENTOS CONTABLES RC, A E D E DAR DE ALTA OS NOVOS DOCUMENTOS RC E A:

BAIXAS 4º ANUALIDADE:

Nº	ACTUACIÓN	BAIXAS	DOC.CONT.	Nº OPERACIÓN
2	INFRAESTRUTURA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	159.732,00 €	RC/	220100012702
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	A/	220100012815
	CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS HERCULINAS, S.A.	159.732,00 €	D/	220100012817

ALTAS 4ª ANUALIDADE:

Nº	ACTUACIÓN	ALTAS	DOC.CONT
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	159.732,00 €	RC
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	159.732,00 €	A

ALTAS SEN CÓDIGO DE PROXECTO

Nº	ACTUACIÓN	ALTAS	DOC.CONT.	PARTIDA (SEN CÓDIGO DE PROXECTO)
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	159.732,00 €	RC	0305/432C/650
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	A	
	CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS HERCULINAS, S.A.	159.732,00 €	D	

Todas as actuacións citadas da terceira e cuarta anualidade son financiadas co cargo á partida 0305/432C/650 Cód. Prox. 2007.3.80010.2. “

23.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 “TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal núm. 5 "Taxa por prestación de servizos tributarios".
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira, do 14 de maio de 2010.

- Texto proposto para os artigos 5.2 e 6 da Ordenanza fiscal núm. 5 co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da variación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, do 14 de maio de 2010.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial do 21 de maio de 2010.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza fiscal nº 5* reguladora da taxa por prestación de Servizos tributarios (artigos 5.2 e 6) de acordo co seguinte texto.

Artigo 5.- Base imponible.

2) O importe das recargas do período executivo recadados no exercicio.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

a) O cinco por cento (5%), no suposto 1) do artigo anterior, excepto para a recadación das sancións tributarias que deriven da inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

b) O setenta e cinco por cento (75%), no suposto 2) do artigo anterior.

c) O cincuenta por cento (50%) do importe das sancións da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, recadadas no período voluntario e executivo. No caso de que os ditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% dos recargas do período executivo recadados.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal número 5.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-MODIFICACIÓN DAS BASES POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o expediente administrativo que contén a seguinte documentación:

- Proposta da Tesourería de modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia do 19 de maio de 2010.
- Informe da Intervención provincial do 21 de maio de 2010.

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar a base terceira das bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia engadindo como sexto punto a seguinte competencia:

“Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións e interese xeral. A xestión que pode ser obxecto de delegación, tanto pode afectar o suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.”

2º.- Modificar a base sexta das bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia engadindo un último punto:

"O 50% do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións e interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os devanditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo recadados"

3º.- Facultar ao presidente para a adopción das medidas necesarias para facer efectivo o presente acordo, trasladando aos concellos e entidades delegantes o seu contido e facilitando a adopción dos acordos municipais que o leven a efecto.”

25.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DA LARACHA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello da Laracha.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

26.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE PONTECESO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Ponteceso.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

27.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE APROBACIÓN POLO PLENO NÚM. 2/2010 E MODIFICACIÓN DA BASE NÚM. 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EXERCICIO 2010.

INTERVENCIONES

Sr. secretario

Hai unha emenda subscrita polo tres grupos, por tanto, apróbase por unanimidade a emenda e en segundo lugar o ditame coa emenda correspondente que se acaba de aprobar.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/2010 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 31.355.701,02 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios.....	7.511.323,35
SC. Suplemento créditos.....	23.844.377,67

Total de aumentos:..... 31.355.701,02

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	26.309.647,84
BC. Baixas créditos noutras aplicacións.....	5.046.053,18

Total financiamento:..... 31.355.701,02

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do estado de gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	
2. Gastos correntes	916.898,95	518.000,00
3. Gastos financeiros	5.000,00	
4. Transferencias correntes	4.377.752,36	314.000,00
6. Investimentos reais	3.333.980,81	2.909.000,00
7. Transferencias de capital	22.722.068,90	1.305.053,18
8. Activos financeiros	0,00	
9. Pasivos financeiros	0,00	
TOTAL MODIFICACIÓNS	31.355.701,02	5.046.053,18

B.2 Resumo por capítulos do estado ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamentos investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. finan. reman. tesourería	26.309.647,84
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	26.309.647,84

2º.- Modificación da base 49ª de execución do orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na base 49ª do orzamento provincial do exercicio 2010 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño e nos artigos 36 e 37 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia, aprobado polo decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0305/334A/462.01	Conc. As Pontes	P1507100D	As Pontes aprende	44.760,00	89,36	40.000,00
0305/334A/481	Asoc. cultural Moendo Vivo	G70046610	Posta valor do patrimonio etnográfico Goíáns	25.056,58	79,82	20.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0305/241A/481	Asoc. impulsora pacto territ. emprego Costa morte	G70153218	Fomento emprego	65.000,00	100,00	65.000,00
0305/334A/481	Asoc.cultural monte da Estrela Arteixo	G70169495	Mellora e mantemento páxina web. Estudos e análise documental, edición e publicacións	20.000,00	100,00	20.000,00
0305/334A/481	Asoc. veciños Rosa dos Ventos	G15689789	Banco do patrimonio cultural e natural de Sedes	19.000,00	78,95	15.000,00
0305/334A/481	Fesga	G15938632	Estudo patrimonio histórico Coñece Galicia	37.500,00	80,00	30.000,00
0305/431A/481	Asoc. comerciantes e empresarios Betanzos ACEBE.CCA	G15153869	1ª feira comercial e empresarial de Betanzos	38.680,55	67,22	26.000,00
0305/431B/481	Asoc. pequeno comercio da Pobra	G15786411	Centro de formación	112.500,00	88,89	100.000,00
0305/432A/781	Asoc. empresarios restauración e hospedaxe Santiago	G15063613	Acondicionamento local para ampliación instalacións administrativas e Centro de formación e cultura da asociación provincial	352.002,00	71,02	250.000,00
0305/491A/481	Emuga	G15211790	Proxecto radiodifusión anualidade 2010	40.000,00	75,00	30.000,00
0305/414A/481	Asoc. Sociedade Labrega Galega da Coruña	G70241492	Plan formación e asesoramento explotacións agrogandeiras e forestais da provincia	50.000,00	100,00	50.000,00
0601/334A/481	Asoc. Escritores Lingua Galega	G15039936	Actividades promoción literatura galega. Organización XXVII Galeusca	60.000,00	80,00	48.000,00
0601/334A/481	Asoc. Sociopedagóxica Galega	G15154297	Educación dixital, mocidade, educación novas tecnoloxías	63.000,00	79,36	50.000,00
0601/334A/781	Fundación Manuel Mª Estudos Galegos	G70109376	Adquisición casa natal do poeta	350.000,00	45,43	159.000,00
0601/335A/481	Federación Galega Bandas Música	V15110893	Campus musical 2010	37.500,00	80,00	30.000,00
0601/335A/481	Soc. coruñesa ilusionismo	G15216005	Maxia na Coruña 2010	40.000,00	100,00	40.000,00
0601/335A/481	Asoc. Praia do Castelo	G15952195	Festival castelo Rock 2010	54.280,00	18,42	10.000,00
0601/335A/481	Asoc. Conservatorio música tradicional Efolque	G36480598	Escola libre de música popular galega	49.820,00	80,29	40.000,00
0601/335A/462.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Compostela Festival. Músicas do Mundo	332.000,00	18,07	60.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0601/341A/762.01	Conc. Culleredo	P1503100H	Polideportivo Ría do Burgo (1ª fase)	400.740,33	55,29*	139.765,57
0601/341A/481	Obradoiro CAB	G15027402	Actividades clinic baloncesto anualidade 2010	78.500,00	80,00	62.800,00
0601/341A/481	AFAC	G15212707	V Torneo internación fútbol base AFAC	40.000,00	75,00	30.000,00
0601/326A/481	Universidade A Coruña	Q6550005	Bolsas VIII Máster Administración Marítima	63.000,00	47,62	30.000,00
0601/334A/462.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Mantemento de catro centros culturais	175.000,00	80,00	140.000,00
0601/334B/781	Arcebispo Santiago	R1500020A	Obras Santuario Nosa Sra. Camiño (Os Remedios) Betanzos	96.612,40	76,59	74.000,00
0601/335A/462.01	Conc. Santiago	P1507900G	VII festival de curtametraxes	175.000,00	80,00	140.000,00
0607/334J/453.90	Universidade A Coruña	Q6550005J	Actividades destinadas a aumentar e mellorar o uso da lingua galega	37.500,00	80,00	30.000,00
0607/334J/453.90	Universidade Santiago	Q1518001A	Extensión da lingua galega na Facultade Dereito	12.500,00	80,00	10.000,00
0607/334J/481	Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	Correlingua 2010	100.000,00	80,00	80.000,00
0701/232B/462.01	Concello Cambre	P1501700G	Mostra intercultural solidaria do programa "Ciclo aberto solidario"	25.767,00	57,44	14.800,00
0701/231F/462.01	Concello A Coruña	P1503000J	Concilia os teus tempos – Actividades atencións á infancia	187.780,00	63,90	120.000,00
0701/231E/781	ACEM	G15528813	3ª fase obras edificio Santiago	801.931,34	24,94	200.000,00
0701/231E/781	APEM	G15034176	Rehabilitación centro Os Chopos – Coruña	523.310,27	19,11	100.000,00
0701/231E/781	AGASDEP	G70221340	Adaptación local centro día maiores – Coruña	88.768,00	73,22	65.000,00
0701/231E/781	COGAMI	G32115941	Construción centro día persoas discapacitadas-Ferrol	75.979,39	77,86	59.159,33
0701/231E/481	R.C. Náutico Coruña	G15043581	Escola vela adaptada persoas diversidade funcional da provincia zona norte	58.800,00	37,41	22.000,00
0701/231E/481	AMBAR	G15052434	Programa vela adaptada zona Barbanza	27.653,78	79,55	22.000,00
0701/231D/481	ALCER	G15058647	Actividades terapéuticas e interacción social persoas afectadas polos transplantes	45.500,00	80,00	36.400,00
0701/231D/781	ALCER	G15058647	Investimento para interacción social persoas afectadas polos transplantes	4.500,00	80,00	3.600,00
0701/231E/481	Asoc. agrupación arte comtep. e enerxía – MACUF	V15988165	Actividades participación sociocultural persoas con diversidade funcional	36.117,76	55,00	19.864,77

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0701/231D/481	Cociña económica A Coruña	G15028483	Plan extraordinario para servizo almorzos	69.715,00	71,72	50.000,00
0701/231D/481	Cociña económica Ferrol	G15029176	Plan extraordinario para servizo almorzos	68.560,88	17,50	12.000,00
0701/231D/781	Cociña económica Ferrol	G15029176	Equipamentos e mantemento	51.614,55	73,62	38.000,00
0202/231E/624.01	AVAN - Ferrol	G15512502	Adquisición vehículo adaptado	56.000,00	100,00	56.000,00
0202/312A/624.01	Cruz Vermella	Q2866001G	Adquisición ambulancia	109.040,00	55,02	60.000,00
0202/134A/624.01	Protección civil A Coruña	G15421555	Adquisición ambulancia	60.000,00	100,00	60.000,00
0202/134A/781	Protección civil Boqueixón	G15463409	Equipamento vehículos	98.352,00	61,00	60.000,00
0202/431A/462.01	Conc. A Coruña	P1503000J	Accións de promoción económica e consumo do Concello da Coruña	152.000,00	78,95	120.000,00
0202/334A/462.01	IMCE	Q1500358E	Coruña cidade escena	150.000,00	80,00	120.000,00
0202/334J/462.01	Conc. A Coruña	P1503000J	Programa de dinamización e creación xuvenil e lingüística	150.000,00	80,00	120.000,00
0202/341A/462.01	Conc. A Coruña	P1503000J	Torneos deportivos municipais	154.233,79	77,80	120.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Ames	P1500200I	Construción beirarrúas dende núcleo Capeáns á Igrexa Covas	330.164,51	90,86	300.000,00
0202/452A/762.01	Conc.Aranga	P1500300G	Traída auga dende Montesalgueiro a Portoscalvos	82.000,02	100,00	82.000,02
0202/342A/762.01	Conc. Ares	P1500400E	Construción de dúas pistas de pádel na Cidade deportiva	87.871,18	100,00	87.871,18
0202/454A/462.01	Conc. Ares	P1500400E	Reparación, mantemento e mellora de vías municipais	104.522,39	100,00	104.522,39
0202/342A/762.01	Conc. Ares	P1500400E	Adquisición de dúas máquinas para o ximnasio municipal	8.712,17	100,00	8.712,17
0202/342A/762.01	Conc. Arteixo	P1500500B	Remodelación do Polideportivo municipal de Meicende	400.000,00	75,00	300.000,00
0202/162A/762.01	Conc. Arzúa	P1500600J	Adquisición dun vehículo industrial recolector-compactador	132.000,00	100,00	132.000,00
0202/134A/762.01	Conc.Arzúa	P1500600J	Adquisición dun vehículo de servizos urbanos modelo Pick-Up	58.000,00	100,00	58.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Arzúa	P1500600J	Adquisición de marquesiñas e soportes de contedores de RSU	212.285,00	75,37	160.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/155A/762.01	Conc. A Baña	P1500700H	Prox.mellora e humanización rúas Tedelle e Xacinto Rodríguez	114.374,70	78,69	90.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Bergondo	P1500800F	Reparación da iluminación pública da estrada AC-161 ao seu paso por Carrio	202.823,41	80,00	162.258,72
0202/454A/762.01	Conc.Bergondo	P1500800F	Rozadoira de brazo	25.000,00	80,00	20.000,00
0202/454A/462.01	Conc.Boimorto	P1501000B	Mellora do camiño de Campo de Lanza e outros	84.876,74	100,00	84.876,74
0202/342A/762.01	Conc. Boimorto	P1501000B	Mellora da drenaxe e céspede do campo de fútbol de Boimorto	33.109,82	100,00	33.109,82
0202/151B/762.01	Conc.Boimorto	P1501000B	Acondicionamento do acceso á Igrexa de San Vicente de Arceo	28.218,72	100,00	28.218,72
0202/151B/762.01	Conc. Boimorto	P1501000B	Reposición de muro en rúa Campo da Igrexa de Santiago	14.001,25	100,00	14.001,25
0202/337B/762.01	Conc. Boiro	P1501100J	II e III fase da construción dun centro sociocultural e de servizos múltiples en Cabo de Cruz e dotación de mobiliario	800.000,00	37,50	300.000,00
0202/171A/762.01	Conc. Brión	P1501300F	Acondicionamento lúdico-deportivo A.R. 7 e 8 de Lamiño	100.032,62	100,00	100.032,62
0202/454A/462.01	Conc.Brión	P1501300F	Proxecto de reparación de diversas infraestruturas en Brión	91.999,68	100,00	91.999,68
0202/161A/762.01	Conc. Brión	P1501300F	Bombeo de Nináns	7.942,77	100,00	7.942,77
0202/151B/762.01	Conc. Cabana de Bergantiños	P1501400D	Acondicionamento áreas ocio en Cundíns e O Esto	104.375,00	80,00	83.500,00
0202/454A/762.01	Conc. Cabanas	P1501500A	Prox.pavimentación e mellora vías municipais: Camiño do Río e camiño Os Durás	83.500,00	100,00	83.500,00
0202/164A/762.01	Conc.Camariñas	P1501600I	Construción e equipamento de tanatorio municipal	497.882,02	78,34	390.040,77
0202/134A/762.01	Conc. Cambre	P1501700G	Construción de nova instalación para o Servizo de Protección Civil	362.470,95	79,83	289.352,05
0202/454A/762.01	Conc.A Capela	P1501800E	Pavimentación vías municipais As Neves-Fornelos, Xasén de Baixo, Xasén de Riba e A Teixeira	45.903,90	100,00	45.903,90
0202/454A/762.01	Conc. A Capela	P1501800E	Minicavadora compacta hidráulica	44.400,16	100,00	44.400,16
0202/342A/462.01	Conc.A Capela	P1501800E	Obras campo fútbol municipal dos Calzados	5.803,99	100,00	5.803,99
0202/342A/462.01	Conc.A Capela	P1501800E	Reparacións eléctricas campo fútbol	4.091,95	100,00	4.091,95
0202/321A/762.01	Conc.Carballo	P1501900C	Construción dunha escola infantil	831.000,80	66,18	550.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/454A/462.01	Conc. Cariño	P1509500C	Reparación de fochas e pavimentación diversas vías e rúas	90.967,57	100,00	90.967,57
0202/169A/762.01	Conc. Cariño	P1509500C	Reparación estrutura naves almacén e servizos	59.030,05	100,00	59.030,05
0202/151B/762.01	Conc. Carnota	P1502000A	Pavimentación no contorno da Praza Galicia e zona centro de Carnota	83.000,00	100,00	83.000,00
0202/151B/762.01	Conc. Carral	P1502100I	Adquisición parcelas no Castro das Travesas	68.808,00	80,00	55.046,40
0202/151B/762.01	Conc. Carral	P1502100I	1ª fase acondicionamento área recreativa na marxe do río Brexa	38.521,00	100,00	38.521,00
0202/454A/762.01	Conc. Cedeira	P1502200G	Tractor equipado para desbroce	110.000,00	100,00	110.000,00
0202/342A/762.01	Conc. Cedeira	P1502200G	Pistas deportivas	80.400,00	100,00	80.400,00
0202/151B/762.01	Conc. Cedeira	P1502200G	Adquisición de terreos	6.000,00	100,00	6.000,00
0202/491A/762.01	Conc. Cedeira	P1502200G	Adquisición de parcela para emisor de TDT	3.600,00	100,00	3.600,00
0202/342A/762.01	Conc. Cerceda	P1502400C	Cerramento de pistas de pádel do Piñeiro	140.420,00	100,00	140.420,00
0202/454A/462.01	Conc. Cerceda	P1502400C	Reparación e asfaltado camiños do concello	59.580,00	100,00	59.580,00
0202/151B/762.01	Conc. Cerdido	P1502500J	Adquisición e posterior acondicionamento terreos	80.000,00	100,00	80.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Cesuras	P1502600H	Subm. varredora, hidrolimpadora, tractor e desbroz.	89.000,00	93,82	83.500,00
0202/155A/762.01	Conc. Coirós	P1502700F	Adquisición camión con brazo articulado, cesta e vehículo mixto para persoas e carga	86.212,28	98,59	85.000,00
0202/151B/762.01	Conc. Coristanco	P1502800D	Proxecto praza da Capela da Rabadeira	130.964,30	100,00	130.964,30
0202/151A/762.01	Conc. Culleredo	P1503100H	Mellora de infraestruturas no vial do Polígono da Marisqueira	970.248,23	13,01	126.303,28
0202/151B/462.01	Conc. Culleredo	P1503100H	Mellora de accesibilidade contorno urbano do Burgo	140.597,88	71,12	100.000,00
0202/337B/762.01	Conc. Culleredo	P1503100H	Subministración e instalación dun ascensor en Vila Lucinda	23.432,00	80,00	18.745,60
0202/172A/762.01	Conc. Culleredo	P1503100H	Descontaminación e consolidación estrutural fábrica Cros	3.829.445,19	9,54	365.185,55
0202/334I/462.01	Conc. Curtis	P1503200F	Plan promoción económica concello Curtis	93.500,00	100,00	93.500,00
0202/161A/762.01	Conc. Dodro	P1503300D	Saneamento en Bexo	118.839,66	100,00	118.839,66
0202/161A/762.01	Conc. Dodro	P1503300D	Saneamento en P. Laiño	12.341,81	100,00	12.341,81
0202/454A/762.01	Conc. Dodro	P1503300D	Beirarrúas na Devesa	18.818,52	100,00	18.818,52
0202/151B/762.01	Conc. Dodro	P1503300D	Acondicionamento contorno vivendas no concello	65.000,00	100,00	65.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/164A/762.01	Conc. Dumbría	P1503400B	Tanatorio do cemiterio municipal de Estimán	414.924,45	36,15	150.000,00
0202/169A/762.01	Conc. Fene	P1503600G	Rehabilitación edificio municipal parque Castela	199.881,92	100,00	199.881,92
0202/342A/762.01	Conc. Fene	P1503600G	Construción e equipamento pista de skate	50.099,31	100,00	50.099,31
0202/342A/762.01	Conc. Ferrol	P1503700E	Execución céspede artificial campo fútbol de Aneiros	522.806,14	65,03	340.000,00
0202/342A/762.01	Conc. A Pobra	P1506800J	Campo fútbol e vestiarios en lugar de Cadreche	776.950,61	43,76	340.000,00
0202/151B/762.01	Conc. Fisterra	P1503800C	Urbanización zona Grupo Cabo Fisterra	60.000,00	100,00	60.000,00
0202/454A/462.01	Conc. Frades	P1503900A	Proxecto conservación pistas distintas parroquias	84.500,00	100,00	84.500,00
0202/155A/762.01	Conc. Irixoa	P1504000I	Mellora iluminación pública travesía de Irixoa	80.000,00	100,00	80.000,00
0202/454A/462.01	Conc. A Laracha	P1504200E	Prox. pavimentación e servizos na EM 041-026 e EM 041-073 dende a Avda.Caión (EP1913) ata campo fútbol	80.000,00	100,00	80.000,00
0202/151B/762.01	Conc.Lousame	P1504300C	Adquisición terreos que unen os núcleos de Portobravo, A Silva e Tállara a través da estrada denominada vial de enlace entre DP4201 a DP1105	100.000,04	80,00	80.000,03
0202/454A/762.01	Conc. Mañón	P1504500H	Adquisición dunha máquina retrocargadora cunha potencia de 100 CV, equipada con dúas palas, un martelo e unha desbrozadora	92.800,00	91,06	84.500,00
0202/454A/762.01	Conc. Mazaricos	P1504600F	Melloras afirmado de camiños rurais	81.000,00	100,00	81.000,00
0202/454A/462.01	Conc. Melide	P1504700D	Mellora da seguridade viaria en 7 viais do Concello	197.392,59	100,00	197.392,59
0202/454A/762.01	Conc. Melide	P1504700D	Sinalización total das parroquias do Concello de Melide	102.609,11	100,00	102.609,11
0202/161A/762.01	Conc. Melide	P1504700D	Saneamento en Zaramil.parroquia San Salvador	80.116,33	100,00	80.116,33
0202/342A/762.01	Conc. Melide	P1504700D	Cuberta pistas pádel	56.550,00	88,42	50.000,00
0202/454A/462.01	Conc. Mesía	P1504800B	Reparación camiños no Concello	187.500,00	80,00	150.000,00
0202/163A/762.01	Conc.Miño	P1504900J	Adquisición dunha varredora-aspiradora autopulsada	120.000,00	78,75	94.500,00
0202/454A/762.01	Conc. Moeche	P1505000H	Adquisición dun tractor e unha rozadora lateral	86.500,01	100,00	86.500,01
0202/454A/462.01	Conc. Monfero	P1505100F	Formación de capa de rodadura nos camiños da parroquia de Val de Xestoso	150.000,00	100,00	150.000,00
0202/155A/762.01	Conc. Mugaros	P1505200D	Aglomerado na rúa Lagoas e no acceso á rúa San Victorio	99.904,56	100,00	99.904,56

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/155A/762.01	Conc. Mugardos	P1505200D	Aglomerado no acceso ao cemiterio de Meá e ao Morteirado	99.587,29	100,00	99.587,29
0202/491A/762.01	Conc. Muros	P1505400J	Instalación dunha rede de Wimax en Torea e Abelleira	113.642,88	87,76	99.738,20
0202/161A/762.01	Conc. Muros	P1505400J	Reparacións na rede de sumidoiros en Campo Cortes, parroquia de Muros	59.924,80	100,00	59.924,80
0202/337B/762.01	Conc.Muros	P1505400J	Construción centro sociocultural en Louro	483.000,00	75,57	365.000,00
0202/454A/762.01	Conc.Muxía	P1505300B	Acondicionamento de viais nos lugares de Agar, Trasufre, Muxía, San Martiño, Merexo e Vilachán	199.922,00	100,00	199.922,00
0202/342A/762.01	Conc. Narón	P1505500G	Construción vestiarios campo fútbol herba artificial do Val-Narón	74.998,49	80,00	59.998,79
0202/491A/762.01	Conc. Negreira	P1505700C	Instalación paneis informativos	9.000,00	80,00	7.200,00
0202/452A/762.01	Conc. Negreira	P1505700C	Instalación de depósitos	39.987,29	80,00	31.989,83
0202/454A/762.01	Conc. Negreira	P1505700C	Pavimentación de vías públicas	151.012,71	79,52	120.081,17
0202/342A/762.01	Conc. Noia	P1505800A	Construción dun campo de fútbol para herba artificial en San Lázaro	348.706,99	71,69	250.000,00
0202/155A/762.01	Conc.Oroso	P1506100E	Urbanización da rúa Portiño	200.000,00	100,00	200.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Ortigueira	P1506200C	Subministración dunha retrocargadora de rodas e dun vehículo para os servizos de mantemento, de seguridade e de limpeza do Concello de Ortigueira	84.000,00	100,00	84.000,00
0202/169A/762.01	Conc. Outes	P1506300A	Rehabilitación casa concello anualidade 2010	404.123,96	49,49	200.000,00
0202/454A/462.01	Conc.Oza dos Ríos	P1506400I	Mellora firme camiños en Oza dos Ríos	101.265,82	79,00	80.000,00
0202/337B/762.01	Conc. Paderne	P1506500F	Realización de obras en locais socio-culturais e nas vías públicas municipais	110.162,91	100,00	110.162,91
0202/454A/462.01	Conc.Paderne	P1506500F	Realización de obras nas vías públicas municipais	39.998,64	100,00	39.998,64
0202/161A/762.01	Conc. Padrón	P1506600D	Reposición de saneamento en Extramundi de Abaixo	60.631,14	100,00	60.631,14
0202/334B/762.01	Conc.Padrón	P1506600D	Adquisición dun cruceiro de pedra	12.760,00	100,00	12.760,00
0202/171A/762.01	Conc.Padrón	P1506600D	Adaptación integral a normativa vixente da área de xogo no Parque dos Xulgados	126.342,14	80,00	101.073,71
0202/171A/762.01	Conc.Padrón	P1506600D	Parque infantil en Herbón	25.999,88	100,00	25.999,88
0202/151B/762.01	Conc. O Pino	P1506700B	Urbanización contorno Pavillón polideportivo	95.000,00	94,74	90.000,00

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/342A/762.01	Conc. A Pobra	P1506800J	1ª Fase recinto deportivo predio Raquel Fdez. Soler	44.966,77	100,00	44.966,77
0202/454A/462.01	Conc. Ponteceso	P1506900H	Mellora firme camiño público Pazo Xornes	94.345,55	100,00	94.345,55
0202/454A/762.01	Conc. Pontedeume	P1507000F	Adquisición máquina rozadoira	38.639,60	100,00	38.639,60
0202/342A/762.01	Conc. Pontedeume	P1507000F	Instalación herba artificial campo fútbol municipal	375.000,00	100,00	340.000,00
0202/442A/762.01	Conc. As Pontes de García Rodríguez	P1507100D	Acondicionamento estación autobuses	250.000,00	100,00	250.000,00
0202/164A/762.01	Conc. Porto do Son	P1507200B	1ª Fase tanatorio municipal	300.000,00	100,00	300.000,00
0202/342A/762.01	Conc. Porto do Son	P1507200B	Piscina municipal	1.663.024,98	100,00	1.663.024,98
0202/337B/762.01	Conc. Rianxo	P1507300J	Centro sociocultural parroquial de Araño	250.000,00	100,00	250.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Rois	P1507500E	Obra mellora vial dende Pumar a Figueroa	85.000,00	100,00	85.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Sada	P1507600C	Actuacións en camiños de Sada	206.268,00	100,00	206.268,00
0202/155A/762.01	Conc. Sada	P1507600C	Actuacións en rúas de Sada	20.832,00	100,00	20.832,00
0202/161A/762.01	Conc. Sada	P1507600C	Colector de pluviais	142.900,00	100,00	142.900,00
0202/342A/762.01	Conc. Sada	P1507600C	Reparación e acondicionamento das dependencias e instalacións da Piscina municipal	175.000,00	34,29	60.000,00
0202/342A/762.01	Conc. S. Sadurniño	P1507700A	Remodelación e mellora do pavillón polideportivo municipal	162.667,93	100,00	162.667,93
0202/169A/762.01	Conc. S. Sadurniño	P1507700A	Obras de restauración de cuberta do Pazo da Marquesa	117.332,06	100,00	117.332,06
0202/342A/762.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Proxecto herba artificial en San Lázaro	340.000,00	100,00	340.000,00
0202/334I/462.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Congreso cidade e camiños históricos, unha reflexión de futuro: Xacobeo 2010-2021	100.000,00	80,00	80.000,00
0202/161A/762.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Saneamento e bombeo en Rochiña (Son de Abaixo)	169.301,40	80,00	135.441,12
0202/161A/762.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Ampliación da rede de saneamento na Sionlla	28.612,53	80,00	22.890,02
0202/231E/762.01	Conc. Sobrado	P1508100C	Adquisición terreo para construción centro día	124.717,22	88,20	110.000,59
0202/342A/762.01	Conc. As Somozas	P1508200A	Pavillón polideportivo (anualidades 2009 e 2010)	1.584.327,43	17,04	270.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Teo	P1508300I	Reposición firme e consolidación pistas	164.983,18	100,00	164.983,18
0202/161A/762.01	Conc. Teo	P1508300I	Afirmado e condución pluviais núcleos tradicionais	184.836,95	100,00	184.836,95

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/454A/462.01	Conc. Toques	P1508400G	Obra camiño a Outeiro e outros	158.194,72	85,33	135.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Tordoia	P1508500D	Adquisición camión para brigada de obras	99.000,00	100,00	99.000,00
0202/169A/762.01	Conc. Touro	P1508600B	1ª fase Casa Cultura Touro	120.000,00	75,00	90.000,00
0202/453D/762.01	Conc. Trazo	P1508700J	Travesía de Lengüelle	94.000,00	100,00	94.000,00
0202/425C/762.01	Conc. Val do Dubra	P1508900F	Adquisición material básico sistemas solares térmicos	52.310,90	100,00	52.310,90
0202/169A/762.01	Conc. Val do Dubra	P1508900F	Elevador casa agraria Bembibre	32.689,10	100,00	32.689,10
0202/162A/762.01	Conc. Vedra	P1509000D	Colocación de salvacontedores nos contedores de lixo	199.905,07	100,00	199.905,07
0202/169A/762.01	Conc. Vilarmajor	P1509200J	Acondicionamento local anexo a centro social e cultural de Dorofña	19.559,53	100,00	19.559,53
0202/161A/762.01	Conc. Vilarmajor	P1509200J	EDAR rede saneamento en Pazos	60.440,47	100,00	60.440,47
0202/452A/762.01	Conc. Vilasantar	P1509100B	Abastecemento de auga á parroquia de Barbeito e outros	250.000,00	100,00	250.000,00
0202/454A/762.01	Conc. Vimianzo	P1509300H	Seguridade viaria en acceso a Oróns-Quintáns-Límite con Zas e Igrexa de Bamiro	77.937,00	100,00	77.937,00
0202/454A/762.01	Conc. Vimianzo	P1509300H	Seguridade viaria no cruce de Baíñas a Olveira e Outeiro	87.899,92	100,00	87.899,92
0202/171A/762.01	Conc. Vimianzo	P1509300H	Parque infantil área de xogos no Colexio de Baíñas	10.949,05	100,00	10.949,05
0202/151B/762.01	Conc. Vimianzo	P1509300H	Área recreativa do Val de Baíñas	19.467,96	100,00	19.467,96
0202/453D/762.01	Conc. Zas	P1509400F	Acondicionamento de estradas no Concello de Zas	169.999,98	100,00	169.999,98
0202/453D/762.01	Conc. Zas	P1509400F	Mellora da capa de rodadura e sinalización dun tramo da estrada de San Adrián a Brandomil	109.999,97	100,00	109.999,97
TOTAL XERAL				31.473.426,53		20.457.652,23

* Porcentaxe subvencionado de acordo coas subvencións da anualidade 2009 (81.802,43) e 2010 (139.765,57).

Asumir o compromiso de que nun próximo Pleno incluírase unha subvención nominativa a favor do Concello de Fisterra para a mellora do campo de fútbol Arasolis por unha contía de 340.000,00 euros, a través do oportuno expediente de modificación de créditos

2-2º- Modificar as subvencións nominativas seguintes:

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/454A/462.01	Conc. Santiago de Compostela	P1507900G	Redacción proxecto Vía verde Santiago-Ordes (1)	42.920,00	100,00	42.920,00
0202/169A/762.01	Conc. Outes	P1506300A	Rehabilitación casa concello anualidade 2009 (1)	514.993,14	58,25	300.000,00
0305/414B/481	Confederación emp. Ferrolterra-Eume e Ortegal- COFER	G70199112	Promoción tecido empresarial 2010 (2)	225.000,00	80,00	180.000,00
TOTAL XERAL				782.913,14		522.920,00

(1) Modificación da aplicación presupostaria

(2) Modificación do beneficiario e do importe subvención

2-3º- Dar a baixa ás subvencións nominativas seguintes:

Aplicación presupostaria	Beneficiario	NIF	Finalidade	Importe Proxecto	% Financ. provincial	Importe Subvención
0202/942Z/762.01	Conc. As Somozas	P1508200A	Pavillón polideportivo anualidade 2009	1.425.639,85	10,52	150.000,00
0305/414B/481	Confederación emp. Ferrolterra-CEF-CEFEEOR	G70199112	Promoción tecido empresarial actividades 2009	112.500,00	80,00	90.000,00
TOTAL XERAL				1.538.139,85		240.000,00

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro e o artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

INTERVENCIONES

Sr. López Varela

Bos días, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O Partido Popular vai presentar dúas preguntas a cargo da deputada, Esther González, e antes quería desculpar a asistencia a este Pleno do voceiro do Grupo, Adolfo Gacio.

Sr. presidente

Se non lle molesta, ímoslle a dar a palabra á Sra. Vázquez para que presente a moción e logo pasaríamos á rolda de preguntas. Desculpe, ten a palabra a Sra. Margarida Vázquez.

Sra. Vázquez Veras

Grazas, Sr. presidente. É unha moción que presenta conxuntamente o equipo de goberno, os grupos provinciais do PsdeG e o BNG, en todo caso para argumentar a urxencia o único que teño que dicir é que é un tema coñecido fundamentalmente na Coruña porque nos últimos días e xa hai meses, o Comité de Empresa fixo un traballo de popularización da situación que pasa o Colexio Santiago Apóstol da Coruña e a defensa da existencia deste colexio a pleno rendemento, en todo caso vou ler a parte do acordo e despois, cando se aprobe a urxencia faría a defensa da moción, ou facémolo en conxunto, dáme igual.

Sr. presidente

Eu creo que é mellor votar a urxencia e despois xa facemos a defensa da moción, se lles parece, porque é o lóxico.

Por unanimidade, apróbase a urxencia e procédese ao debate da moción.

Sra. Vázquez Veras

Como comentaba, é un tema que a cidadanía da Coruña e a galega en xeral ten coñecemento polo tipo de traballo que está a facer fundamentalmente o Comité de Empresa, que leva unha negociación, ou tenta facer unha negociación, coa Consellería de Traballo e Benestar Social sobre a situación do Colexio Santiago Apóstol, e porque presentou esta moción en distintos concellos da comarca e tamén no da Coruña porque, evidentemente, ao ser un colexio situado na cidade, a pesar da súa implantación provincial, ten moita máis influencia neste ámbito.

Eu, para empezar, quería ler un parágrafo do manifesto pola defensa do Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña, para introducir o tema. O parágrafo fala do que é a Lei de dependencia, de atención ás persoas dependentes e di así: “...Dentro destes grupos de poboación existe un colectivo concreto que historicamente é relegado ou esquecido nas prioridades das políticas sociais da Xunta de Galicia. Trátase dun grupo silencioso que non é capaz de levar a súa voz se non é a través de terceiros. Trátase das persoas afectadas de discapacidade intelectual e en especial daquelas maiores de idade. Desta forma, nos últimos anos non foi creada nin unha soa praza pública, e máis aínda, as existentes no Centro de Atención Especial Santiago Apóstolo da Coruña corren serio risco de desaparecer”.

Eu penso que, en primeiro lugar, temos que dicir que aplaudimos a iniciativa dos traballadores que fan o seu servizo no Colexio Santiago Apóstol porque toman a voz do alumnado do centro. Eu penso que falar dos recortes que se están facendo a través da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia nos últimos tempos respecto das prestacións sociais, choería sobre mollado porque continuamente o único ao que estamos a asistir é a noticias desagradables respecto da atención que se pode prestar en temas de carácter social, concretamente nunha época que todos e todas recoñecemos, unha época de crise económica onde se agudiza moito máis a necesidade de atención a estas persoas. Eu penso que en ano e medio do goberno da Xunta assistimos máis case á destrución de todo aquilo que se construíu no anterior Goberno, sen de momento saír ningún tipo de iniciativa, que a outra cousa. E eu penso que, efectivamente, dentro deste paraugas de política de non aceptar todo o que estaba feito, entra a situación do Colexio Santiago Apóstol.

O que chama a atención é que, sabendo o número importante de persoas afectadas por incapacidade intelectual que existen na provincia, ao redor de 73.000 e o número escaso de prazas de atención pública que existen na provincia, 521, non se aproveite os recursos que existen no Colexio Santiago Apóstol para, cando menos, dentro do Centro estar ao máximo de posibilidades de asistencia. E, desde logo, os datos o que din é que de momento non hai ningún tipo de intención por parte do Goberno da Xunta para pór en marcha o protocolo ao que se chegou no anterior Goberno entre a Consellería de Educación e a área de Benestar para dotar e reconverter o Centro Santiago Apóstol, cando menos na súa parte de asistencia social a un centro residencial e un centro de día que é necesario na Coruña, no que son os concellos da comarca e, evidentemente, dentro do que é a provincia. Eu penso que é bo que os traballadores e as traballadoras do centro tomen esta iniciativa, o que significa a súa demostrada profesionalidade e a súa valía para que o centro sexa un centro de referencia de atención especializada e de calidade, e por tanto de aí a proposta de acordo que se trae ao Pleno que nin máis nin menos que é que se manteña e potencie o Centro especial Santiago Apóstol, xa que é fundamental para a atención das persoas con discapacidade da nosa cidade e a súa área de influencia.

En segundo lugar, que por parte da Xunta de Galicia se efectúe o desenvolvemento da Lei do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, en vigor

desde o 18 de marzo de 2009 na que se definen os servizos sociais como un sistema público de servizos constituíndose no cuarto alicerce do benestar, e onde é recoñecido o dereito aos servizos sociais como un dereito subxectivo das persoas e do conxunto da poboación.

E que pola Consellería de Traballo e Benestar se creen as prazas públicas residenciais e de atención de día para as persoas con discapacidade intelectual e a consolidación, promoción e mellora das existentes na actualidade de acordo co convenio subscrito co Concello da Coruña e a Xunta de Galicia. Penso que é de xustiza e evidentemente, razoable, que o Centro Santiago Apóstol se converta e siga existindo como un centro, como xa dixen antes, de atención especializada e de calidade, e que por tanto se vaian utilizar todas as súas potencialidades. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sra. Vázquez. Entendo que ao ser unha moción conxunta presentada polo equipo de goberno, non hai intervención por parte do Grupo Socialista. Algunha intervención por parte do Grupo Popular? Sra. González, ten vostede a palabra.

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. Votamos afirmativamente o debate porque a calidade democrática demostrase aquí, e demostrase debatendo os problemas e as posibles solucións que teñen os cidadáns.

Lamentablemente, tráennos hoxe algo aquí que vostedes tiveron posibilidade de solucionar cando eran un goberno na Xunta, non sei que pasou neses catro anos, non sei por que non se solucionou neses catro anos e que variou, é máis, pódolle lembrar que entón había 151 nenos e cando terminaron o Goberno da Xunta quedaban 121 nenos, algo pasou. Nós non estamos a derivar a ninguén a ningún outro centro nin estamos a privatizar nada. Como creo que nos acompañan tamén familiares e persoal do centro, quero dicirlles que non pasa nada que non veña pasando ultimamente, que estamos a solucionar, que estamos a buscar en momentos de gran dificultade, de extrema dificultade económica, unha boa e unha gran solución para todos os problemas.

A Consellería de Traballo recibíunos desde o verán pasado para buscar solucións xunto coa Consellería de Educación, non está a pasar nada que evidentemente non haxa que solucionar, pero están a darse os pasos para iso. Porque as afirmacións de que a Xunta non fai nada é unha afirmación falsa. Nós non mandamos, como Xunta, refírome, non mandamos en ningún caso a ningún menor a ningún centro concertado, os menores tutelados que tiña a Xunta si que se pasaron a un centro, dous en concreto, para evitar o desarraigamento que producen as vacacións. Isto está perfectamente xustificado, desde todos os ámbitos, sobre todo o ámbito asistencial e o ámbito educativo.

A ratio de persoas que se atende por número de traballadores, que recomenda a directiva europea é de 0,8, neste momento está en 1,7. Os traballadores, díxollo Cristina Ortiz, a secretaria da Consellería de Traballo, díxolles que non van sufrir ningún tipo de diminución, ningún tipo de perda de dereitos dos traballadores, vostedes sábeno.

Este centro cústalle á Xunta seis millóns de euros ao ano, e vaise tentar buscar unha solución, unha solución que ten que pasar por unha banda pola parte educativa, só dos 121 nenos que hai neste momento, ou persoas, algúns son máis que nenos evidentemente por idade, só 29 están no programa asistencial, os demais teñen que ver con programas educativos, con educación. Entón, de que estamos a falar?, estamos a falar de buscar a mellor solución, que leva buscando desde o verán pasado, que a Xunta non mirou para outro lado con todos vostedes, recibíuselles e escoitúselles, que non van perder dereitos ningún dos traballadores, que o PP, en tal caso, foi o que ampliou no seu momento os dereitos, saben vostedes que ata o ano 2003, se non o saben, lémbrolllo eu, só se podía ter aos nenos ata os 21 anos e ampliouse a idade ata os 24. Entón, pasar a educación é privatizar?, pasar a un programa no que a Consellería de Educación teña máis cantidade de competencias, isto é privatizar?, isto é armar, con todos os meus respectos e sen querer ferir, por suposto, a ninguén, é armar un pouquiño de ruído para que alguén se lle escoite neste último período ou tempo na administración, por que?, porque non levamos un ano e medio, levamos un ano na Xunta, incrementáronse os orzamentos de dependencia, incrementáronse as axudas no novo orzamento deste ano, a Xunta non mirou para outro lado en ningún tema de dependencia, é máis, nalgún momento mesmo estamos por diante de moitas Comunidades Autónomas, 7 de cada 10 euros van ir a políticas sociais, o gasto social aumenta dous puntos, a Lei de dependencia vaise incrementar a dotación nun 45% a pesar do diñeiro que sabemos que non vai vir de Madrid, porque o Sr. Zapatero está a recortar por onde non debe.

Entón, nós temos que votar non neste caso, pero sabendo, que desde a Consellería de Traballo e de Educación están a darse pasos para solucións de problemas, neste caso para que o Centro Santiago Apóstol teña unha solución, a mellor por suposto, e a mellor para os que alí reciben educación e asistencia, e para os seus traballadores. Os traballadores non van perder ningún dereito, e por favor, é momento de que todos falemos e digamos a verdade, para mentir xa nos chegaron os dous últimos anos do recorte de Zapatero, e agora todos temos que tragar con iso, así que neste caso non imos apoiar esta moción. Moitas grazas.

Sra. Vázquez Veras

Sen ánimo de polemizar en demasía porque paréceme que o que menos espera a xente de nós é que entremos neste tipo de guerra de cifras que ultimamente salen respecto do que son as persoas que necesitan un apoio social pola súa situación, pero en todo caso o que si teño que dicir é que realmente o anterior Goberno, efectivamente, estivo a traballar para buscar unha solución cando todos sabemos que hai un problema naqueles centros ou naqueles programas onde existen máis dunha Consellería metida no medio, chámennlle problemas educativos, asistenciais ou socio sanitarios, e que con

todo ao final buscouse unha solución que, en todo caso, se o actual Goberno quixese pór en marcha, xa tiña o instrumento para facelo, se realmente quixese potenciar o Apóstol Santiago xa tivo un tempo, non digo moito, pero si tivo un tempo para solucionar iso.

E, sobre todo, o que chama a atención é que, desafortunadamente, por parte daqueles representantes institucionais da Xunta na Coruña, o único que se faga é botar a culpa aos traballadores do Centro dicindo que o único que queren é conseguir máis vacacións e outro tipo de condicións de traballo. E curiosamente, dona Esther González volve entrar no mesmo, é dicir, vanse preservar os dereitos dos traballadores. Eu penso que por parte do Centro, tanto dos familiares como dos traballadores, nunca se falou de que ían ver minguados os seus dereitos, o que piden é que un centro que neste momento ten prazas públicas, de atención pública, baleiras, que habendo persoas que necesitan un centro de atención, que se cubran, porque eles están en disposición de presentar a súa atención, e que non se trate de desviar o tema por outro tipo de non se sabe que reivindicacións que teñen os traballadores do centro. Moitas grazas.

Sra. González Vázquez

Non se trata de entrar nun debate estéril, só lles lembro. O Sr. Quintana sacou unha foto no Centro Santiago Apóstol e non achegou ningunha solución. Nós, desde a Xunta, estamos neste momento, hoxe, a día de hoxe, reunidas as dúas Consellerías para satisfacer necesidades reais de traballadores e, por suposto, por suposto, as máis importantes dos que alí acoden por necesidades de servizo.

Entón, trátase de seguir prestando os servizos en réxime externo, interno e mixto nas condicións mellores neste momento, nas condicións que a sociedade esixe e, sobre todo, pensando no futuro, e aí vai estar a variación, hai que programar para o futuro, e iso ten que ver, entre outras cousas, cos recortes económicos que no seu momento imos sufrir todos. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

O Sr. Secretario dará conta desta moción ás Consellerías afectadas da Xunta de Galicia e tamén aos grupos proponentes.

Apróbase a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
(PsdeG-PSOE e BNG), RELATIVA AO CAEE SANTIAGO APÓSTOLO**

Os grupos políticos do equipo de goberno da Deputación da Coruña (PSdeG-PSOE e BNG) presentan a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no seu artigo 2 define a dependencia como “o estado de carácter permanente en que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

A denominación “persoa con discapacidade” refírese á imposibilidade desa persoa de asegurarse total ou parcialmente por si mesma das necesidades dun individuo normal e/ou unha vida social, coma resultado dunha deficiencia, sexa conxénita ou non, na súa capacidade física ou mental. Isto implica que posúen unhas necesidades especiais que deben ser atendidas para acadar un desenvolvemento integral que lles facilite a súa integración na sociedade.

O catálogo de servizos é definido como o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións que ofertan as Comunidades Autónomas. A LD establece, entre outros, o servizo de centros de día e noite e o servizo de atención residencial. En canto á LSSG, determina a atención residencial, que comporta aloxamento, continuado ou temporal, substitutivo do fogar, e a atención diúrna, con coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.

A realidade é ben distinta, consultada a Rede de Centros de Atención á Discapacidade da Consellería de Traballo e Benestar, atopamos que, para toda Galicia, tan só existen cinco centros de titularidade pública, tres deles cun ámbito de actuación autonómico, como son o **CAEE Santiago Apóstolo (A Coruña)**, o CAMP de Sarria (Lugo) e o CAMP de Redondela (Pontevedra). De ámbito comarcal atopamos o Centro Ocupacional “O Saiar” de Caldas de Reis (Pontevedra) e a Unidade Asistencial “O Saiar”, na mesma localidade.

Os datos son bastante elocuentes, para un total de 73.383 persoas con discapacidade intelectual, tan só existen 521 prazas públicas de atención a este colectivo. Aínda así, o **CAEE Santiago Apóstolo da Coruña**, está sufrindo nos últimos tempos, unha diminución substantiva no número de usuarios aos que atende, tendo unha porcentaxe importante das súas prazas sen ocupar e, o máis grave, a propia Consellería de Traballo e Benestar, deriva usuarios tutelados pola Xunta de Galicia a centros concertados, trasladándoos, dende centros públicos.

A provincia da Coruña conta con máis de 30.000 discapacitados, un 43,37 por cento da poboación galega e máis de 50 familias da cidade da Coruña teñen aos seus familiares con estancia parcial ou a tempo completo no devandito centro; tendo que agardar, as que non lograron praza, un período de entre 12 a 24 meses de espera.

MOCIÓN

Ante o exposto os GRUPOS PROVINCIAL SOCIALISTA e BLOQUE NACIONALISTA GALEGO propoñen a seguinte moción para a súa aprobación:

1. Que se manteña e potencie o CAEE Santiago Apóstolo xa que é fundamental para a atención das persoas con discapacidade da nosa cidade e a súa área de influencia.
2. Que por parte da Xunta de Galicia se efectúe o desenvolvemento da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público de servizos, constituíndose no cuarto pilar do benestar, e onde é recoñecido o dereito ós servizos sociais como un dereito subxectivo das persoas, do conxunto da poboación.
3. Que pola Consellería de Traballo e Benestar cree as prazas públicas residenciais e de atención de día para as persoas con discapacidade intelectual e a consolidación, promoción e mellora das existentes na actualidade de acordo co convenio suscrito polo Concello da Coruña e a Xunta de Galicia.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

A primeira das preguntas é se pagou o Ministerio de Fomento o que lle debe á Deputación da Coruña.

Hai uns días vimos nunha nota de prensa que o Ministerio de Fomento estaba pendente de facerlle pagamentos a esta Deputación, segundo se publicou en diversos medios. Segundo o Boletín Oficial da Provincia, aparecía efectivamente que o

Ministerio de Fomento debíalle á Deputación un diñeiro, está publicado no Boletín Oficial da Provincia, estou a falar do mes de abril.

A Deputación no seu momento incluíu ao Ministerio de Fomento nunha listaxe de morosos, publicárono diversos medios, entre eles dicía que a Administración provincial non puidera e tentara facer notificacións persoais das providencias nos domicilios declarados a coñecidos dos interesados, e non foi posible realizalas por non atopar ou ser descoñecidos os destinatarios. Eu preguntome, é descoñecido o Sr. Blanco, o ministro de Fomento?, é descoñecida a Demarcación de Costas do Ministerio de Fomento, a Dirección Provincial de Obras Públicas, a Dirección Provincial do Ministerio de Fomento, o MOPU, o Ministerio de Fomento?, son descoñecidos para facerlles a notificación? Paréceme unha noticia bastante grave, non pode pasar desapercibida, por iso traémola a Pleno, queremos saber se deu a cara o Sr. ministro ou é outra das cousas que vai deixar de pagar e de facer, como dixo hai uns días no Parlamento español cando ao recoñecer a crise e as dificultades que estamos a pasar dixo que a mellor solución vai ser deixar de facer e mesmo de pagar, en definitiva, que non quere pagar o Sr. ministro.

Para nós é un gran escándalo que a Administración, que debe dar exemplo de transparencia e estar ao pago, teña este tipo de comportamentos, ademais de resultar increíble o non localizar a cada un dos departamentos afectados. Coa que está a caer e máis de 92.000 parados na provincia, e o ministro nunha televisión privada dicindo que hai que apertarse o cinto, e el de moroso.

Sr. Moreda, pida o embargo do caché do Sr. ministro, se é que o tivo, para acudir a un programa dunha televisión privada, e que o Ministerio de Fomento pague o que lle debe á Deputación. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. González, xa escoitamos o primeiro mitin, agora ten a palabra para o segundo.

Sra. González Vázquez

Sabe vostede que coas súas palabras non me desautoriza de ningunha maneira. Eu estou aquí para dicir, como oposición, o que penso e o que creo que é mellor para todos, e creo que deba unha administración é bastante serio.

En calquera caso, vou facerlle a seguinte pregunta, a ver se ten a ben contestala. É acerca de se é importante neste momento e necesario unha nova caseta institucional da Deputación.

Nos días máis caóticos que vivimos neste momento en España por culpa dunha mentira institucional, por culpa da mala xestión institucional, por culpa de que a Presidencia europea só serviu para suspender en economía ao Goberno da nación, por

culpa do tixereitazo e pau que se lle vai dar aos funcionarios, pensionistas e dependentes, no medio da convulsión económica, da inminente subida do IVE e das dificultades financeiras dos concellos, vai esta Deputación e decide contratar por valor de 432.000 euros, é dicir, 72 millóns das antigas pesetas, é dicir, dous pisos nun barrio residencial, ou un de luxo no centro da cidade, unha caseta para acudir a feiras, é bo que o oian hoxe, e ademais estou contenta de que haxa tanta xente ouvíndoo, porque estas cousas ás veces non se saben, e hai que sabelas, e os traballadores tamén.

Realmente, Sr. Moreda, isto é necesario?, quen son os ricos neste momento?, eses nos que tanto se quere ensañar o Sr. Zapatero con impostos que segundo el van salvar a economía. Está este Goberno provincial neste momento enchendo a neveira, ou está comprando unha lámpada para o salón?

Os concellos teñen graves dificultades económicas e con este diñeiro asegúrolle que se poden facer outras cousas, cousas máis urxentes e prioritarias, díxenllo noutra ocasión, noutro Pleno, noutra intervención miña que lle resultou mitineira, moi ben, non teño nada que dicir ás súas apreciacións. Vostede confunde as necesidades cos privilexios, e goberna de costas á verdade e á crúa realidade dos veciños. Con este diñeiro pódense axudar aos autónomos, que desde xaneiro de 2009 eran 92.1069 e actualmente son 89.075. Con este diñeiro pódense axudar a pagar as nóminas dos funcionarios dalgúns concellos, pódense instalar marquesiñas para os veciños, pódense pintar e sinalizar estradas, concertar bonos de autobús entre localidades, impulsar turismo, axudar a asociacións asistenciais que neste momento están desbordadas por problemas, todo menos malgastar.

A caseta actual eu vina, vina nunha feira de autónomos recente na Coruña, e non estaba tan mal, entón, a que vén estes gastos de 72 millóns de pesetas?, a caseta actual, cóllaa, píntea e pase neste momento. Priorice e de verdade axude ante as necesidades reais. Esta non é unha delas.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González. Vostede ten dereito a preguntar o que queira, non só ten o dereito, ten a obriga, pero nós tamén temos a obriga de esperar que as preguntas se fagan con cortesía, e sen demagogia. Vostede pode estar lexitimamente capacitada para preguntar o que queira.

Mire, a crise económica non a provocou o Sr. Zapatero, sabe quen provocou a crise económica?, as ideas que defenden vostedes, a crise económica provocouna unha crise financeira que se orixinou pola falta de control e de regulación das transaccións financeiras internacionais, falta de control e de regulación que defende a ideoloxía liberal e de dereitas que vostedes representan aquí. E esa falta de control contaminou as economías de todos os países emerxentes e desenvolvidos e tamén a España. E o que pasa en España pasa en calquera país europeo, agravado por un tema aquí, agravado polo fin da creación en materia inmobiliaria, agravado polo estalido da burbulla inmobiliaria, que tampouco a creou o Sr. Zapatero. Eu recordo ao Sr. Rato,

modificando a Lei do solo, facendo construíble todo o territorio nacional, pero non ten sentido falar destas cousas. Non ten sentido, dígoo porque vostede aproveita sempre para dicir “os recortes de Zapatero, non sei que Zapatero e non sei que máis de Zapatero...”, e o Sr. Zapatero está a tomar as medidas que ten que tomar, e se vostedes fosen responsables e de verdade sentisen o país, tratarían de buscar acordos e de actuar conxuntamente, pero vostedes o que queren é que canto peor vaia o país, mellor, porque creen que a vostedes lles irá mellor, e iso é unha deslealdade con España e cos españois, porque cando toca estar na oposición toca estar na oposición, e cando toca gobernar, toca gobernar, e en épocas como esta de crise o lóxico é que a oposición e o Goberno colaboren e busquen as mellores solucións para o país, e vostedes non están nese ánimo por desgraza, pero ben, é problema de vostedes.

Indo á pregunta, si, consideramos necesario facer esa caseta, e por iso a fixemos, e a forma de gobernar que temos, e que teño eu, e que vostede personaliza en min, dígolle cal é. Aquí aprobamos 27 puntos, todos por unanimidade, e todos os puntos que se aproban neste Pleno da Deputación apróbanse por unanimidade, por tanto, eu creo que non hai que reprochar de costas a non sei quen, estamos a gobernar como hai que gobernar nesta época, por unanimidade, se é posible.

E se cadra vostede facía referencia ao público e se cadra se estraña de que aprobemos todo, aprobamos todo porque antes falámolo e porque antes debatémolo nas Comisións Informativas, e puxémonos de acordo e trouxémolo aquí. Por tanto, eu estou orgulloso de como estamos a gobernar aquí, e oxalá se gobernase en todas as institucións como aquí estamos a gobernar.

E sigo coa caseta, vostedes votaron a favor, votaron a favor, porque isto, o expediente, é a culminación dun procedemento e o procedemento iníciase coa partida orzamentaria, e vostedes votaron a favor. E é moi demagórico dicir “con iso pódense facer moitas cousas”, con todo pódese facer moita cousa, e co que imos cobrar aquí por estar aquí tamén se poden facer moitas cousas, e é demagogia, porque o que estamos a facer é promocionar o turismo, e este país, ao noso modo de ver, ten un gran futuro turisticamente, a xente xa non quere sol, quere sol e outras cousas, e este país ten natureza, ten un medio protexido, ten zonas virxes aínda que temos que preservar, ten folclore, ten gastronomía, ten un magnífico patrimonio histórico, cultural e artístico e ten o máis importante de todos, que é o carácter acolledor dos galegos, e nós gastamos un diñeiro nunha caseta para promocionar a provincia, para promocionar Eume-Ortegal, para promocionar Ferrol, para promocionar a Costa da Morte, para promocionar o interior da Coruña, porque desde a costa norte, que ten os maiores acantilados de Europa, con 600 metros en caída vertical, á Costa da Morte, que é unha zona que está virxe, ou os vales do interior, como o Val do Barcia, temos que polos en valor, temos que facer que a xente os coñeza para traer eses visitantes aquí, iso non é un gasto, é un investimento, e estámolo facendo, e se non lle gusta, pois non lle gusta, ten o seu dereito. Pero vostede preguntame, vostede veo lóxico? Si, e eu dígolle, e vostede votouno a favor.

Por tanto, conclúo, vostede ten dereito a preguntar o que queira, pero trate de facelo, se é posible, con corrección e cortesía, porque para falar dun tema da provincia, dun tema da Deputación, non hai que falar de Zapatero e do seu Goberno, porque eu tamén podería falar de Mariano e do seu partido, e non ten sentido porque hai outros ámbitos de discusión para esas cousas. A pregunta queda respondida así.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.